

sociedade

O metal, traballadores de Euro-pastry, gandeiros e bombeiros fixeron manifestacións. **Pax. 6**

economía

Aprobado o programa de eficiencia enerxética para 57 vivendas do centro. **Pax. 10**

cultura

O Museo Provincial suma 16 obras de Tino Grandío e expón a cabeza de Narla **Pax. 12**

infraestruturas

O posto de información turística da praza Maior volve funcionar. **Pax. 16**

deportes

Lugo acollerá en xuño varias citas deportivas de billar de máximo nivel. **Pax. 31**

Chega un Arde Lucus de interese internacional



As eleccións rematan con decisión xudicial

A Xunta Electoral repasou todos os votos nulos da zona de Lugo sen que cambiase nada. **Pax. 19-24**

A Deputación inviste nos concellos

Aprobadas as partidas para a dotación de servizos e apoio ao sector primario. **Pax. 25**

Complétanse os ascensos deportivos

O Lugo feminino sobe a Primeira Nacional e o Milagrosa logra o pase a Primeira Galicia. **Pax. 31**

O Garañón



Comeza a demolición do edificio, que se prolongará varias semanas. **Pax. 17**

Novo mural



Remata unha intervención na Cheda para o embelecemento. **Pax. 18**

Emevé júnior feminino



O equipo lugués logrou o título de Campión de España. **Pax. 30**

Disfruta de unas vacaciones

SOBRE RUEDAS



Yakart
autocaravanas

 Crta. de Santiago N.540 Km 4.5.
27210. Lugo

 Tel.: 982 283 051 - 623 028 811

 info@yakartautocaravanas.com

 www.yakartautocaravanas.com





A FONDO

Volve o Arde Lucus como Festa de Interese Turístico Internacional

Os próximos 22, 23, 24 e 25 de xuño a cidade de Lugo volverá converterse, un ano máis, en Lucus Augusti e as súas rúas encheranse de novo de romanos e castrexos e instalaranse os poboados, os campamentos e o circo.

Catro días cheos de historia que nesta edición contan xa co distintivo de Festa de Interese Turístico Internacional que para Repetto é “algo do que estamos moi orgullosos, de poder desfrutalo en todo o seu esplendor” ademais engade que “é un distintivo que nos outorga o Ministerio e supón unha responsabilidade e o compromiso de seguir mantendo os niveis da festa e mellorar ano tras ano”.

Este recoñecemento internacional supón tamén “unha ventá ao mundo. É unha proxección a nivel internacional para poder captar máis tu-

rismo e que se achegue máis xente de fóra a coñecer esta gran festa que é o Arde Lucus” declara o concelleiro.

Nestes últimos anos alcanzáronse os maiores índices de coñecemento desta festa fóra de Galicia e nos dous últimos, máis de 35 millóns de persoas de todo o mundo coñeceron o Arde Lucus a través da difusión que realizaron xornalistas representantes de medios de comunicación de dez países e tres continentes.

Esta edición contará con varias novidades como a incorporación dunha zona especial dedica ao desfrute dos máis pequenos, e onde todos os nenos e nenas poderán vivir a festa do Arde Lucus de xeito máis especial. Para os maiores tamén haberá novidades e nesta edición a Asociación de Cociñeiros de Lugo



instalará un Tabernarium. Tamén se recuperará o Macellum, un punto de reunión e encontro, un mercado cheo de actividade que contará con postos de artesanía. Volverán os concertos, os actos

centrais que están presentes todos os anos como os desfiles, as vodas ou o circo romano e máis novidades que se irán presentando pouco a pouco. Máis de catrocentas actividades

programadas durante catro días que non serían posibles sen as 19 asociacións que forman o Arde Lucus. Repetto aproveita para dar as grazas “como todos os anos a estas 19 asociacións que conforman o tecido deste Arde Lucus que sen elas non sería posible pola súa implicación e o seu traballo durante todo o ano. Non podemos esquecer que o Arde Lucus require dese compromiso por parte das asociacións, que están traballando todo o ano na parte do Arde Lucus Cultural, en todas esas actividades previas e nas propias que se desenvolven dentro dos días da festa”.

NATALIS

O día 10 será o Natalis, acto co que se dá o arranque do Arde Lucus e que se celebra por terceiro ano

A CASTREXA

O mural que vixía o outro lado da Muralla de César

A Castrex, do artista lucense Manuel Pallín, mural impulsado pola Alcaldía de Lugo na Rolda da Muralla como un tributo ao pasado castrexo da cidade, foi protagonista da maior comunidade de arte urbana do mundo, Street Art Cities.

“Esta plataforma xa recoñeceu en 2021 outra obra da cidade, en concreto o graffiti de Julio César elaborado por Diego As, que foi seleccionado como mellor mural do ano a nivel internacional”, lembrou a rexedora, Lara Méndez.

Deste xeito, a plataforma, con máis de 58,6 mil seguidores na súa conta de instagram, volve a poñer o foco

na cidade, grazas ao traballo creativo dos artistas lucenses e do apoio do goberno municipal a esta disciplina. A Castrex está pintada cunha gama cromática de grises e beiges para ser respectuosos coa contorna da Muralla, nunha fachada de 20 metros de alto na Rolda, e representa a unha guerreira castrexa ataviada cos elementos característicos como son as prensas, xoias e armas. Esta imaxe presidirá o primeiro Arde Lucus considerado como Festa de Interese Turístico Internacional.

Para levala a cabo, Manuel Pallín contou co asesoramento da directora do Museo Provincial de Lugo,



Aurelia Balseiro, e do arqueólogo municipal, Enrique Alcorta.

Atópase ubicada, así mesmo, nun espazo con moito tránsito, nunha medianeira do edificio número 158 da Rolda da Muralla, e que permite a súa observación dende o propio adarve, o que seguro lle outorga versatilidade como *selfpoint*.

O Executivo local leva impulsando a arte urbana desde hai doce anos (2009) como unha forma de expresión que “non só embelece ao conxunto do municipio, senón que tamén permite enxalzar ideas e mesmo a nosa identidade”, destacou Méndez.

UNIVERSIDAD Grado en:

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

BIOQUÍMICA

Matemáticas
Física
Química general e inorgánica
Química - Física I
Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II
Física I y II
Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

ABAU (Antigua selectividad)

BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física
Química - Lengua
Gallego - Inglés
Historia - Filosofía
Biología - Geología
Geografía
Historia del Arte


j.m.rivas
ACADEMIA



ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAY

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es



consecutivo. Este acto servirá para presentar ás asociacións romanas, a través dunha recreación histórica e que consistirá nun iubilator que percorrerá as rúas para informar aos cidadáns da proximidade da festa. Haberá ofrenda floral e instalarse na Mosqueira un panel para ir facendo a conta atrás dos dez días que faltan para o Arde Lucus.

O Natalis dará comezo ás 20.30 horas coa participación de centenas de persoas que formarán un desfile. Non faltará o himno do Arde Lucus, o Calendis Arde Lucus, que cantarán o Orfeón Xoán Montes e a Coral Ecos do Miño. Tamén está prevista a actuación do músico Abraham Mateo. Este ano a festa volve coincidir coa festividade de San Xoán para o concelleiro "a anterior ocasión foi un éxito en canto a participación e contamos con que este ano tamén o sexa, non creemos que afecte negativamente senón todo o contrario que todas estas festas que coinciden se van a complementar".

Os datos da Asociación de Hostalería informan de que xa están todos os hoteis reservados para esas datas, polo que se espera un Arde Lucus cun gran éxito e participación para celebrar este primeiro ano como Festa de Interese Turístico Internacional.

No que respecta aos campamentos, a Xunta de Galicia non introduciu ningún cambio normativo que afecte aos campamentos do Arde Lucus.

Do Arde Lucus a Roma

A asociación Cohors III Lucensim nace no 2017 como a primeira asociación vinculada ao Arde Lucus, con 16 anos de experiencia, teñen como obxectivo básico a difusión do patrimonio cultural romano, con traballos de reconstrución histórica e escenificación dos episodios do mundo romano.

O campamento destes romanos estará situado diante do Concello, "a nosa previsión é montar un campamento como facemos todos os anos" pero este ano seguindo o traballo do ano pasado van montar unha pequena tenda para que "a xente coñeza un pouco mellor a parte da menciña e da cirurxía militar romana e faremos explicacións varias veces ao día do que facían realmente os cirurxiáns romanos e do materia que tiñan" informa Miguel, presidente da asociación.

Ademais co obxectivo de que "a xente vira un pouco como é a vida dos lexionarios romanos dentro do campamento" haberá tendas co equipamento e con cocinas de campaña para "recrear un pouquiño como era a vida destes romanos". Contarán un ano máis cunha demostración dun asalto e combate cos castrexos, este ano un pouco máis ampliada que o ano anterior e realizarán tamén a chegada das tropas, cun desfile ata o campamento onde realizarán unha entrega dun Signaculum "aos novos membros que se incorporan a lexión. Un signaculum é unha insignia onde figura o nome en latín de cada un dos novos integrantes".

Todos os anos esta asociación crea a moeda oficial romana, tras reunirse con diferentes especialistas como arqueólogos buscan unha temática para a moeda, "esta é a

decimo cuarta, e aveces é complicado conseguir unha temática da que se poda sacar un bo partido e que teña sentido".

O AGRIO. Este ano decidiron sacar por unha parte unha moeda oficial que sería o Agrio que recorda a Rómulo Augustus, o último emperador do imperio romano que accede ao goberno con 10 anos e que permaneceu un ano no poder ata a chegada dos xermanos. Pero tamén, dende a asociación, a raíz dunha charla sobre o sexo en Roma decidiron sacar adiante unha moeda máis pequena, unha Sprintia que se utilizaba nos prostíbulos romanos. Hai ata 16 tipos moedas e moitas delas foron atopadas en Pompeia.

Estas moedas están a disposición do público e pódense adquirir, a oficial venderase a dous euros e a Sprintia, da que están dispoñibles menos unidades, estará a dous cincuenta porque o seu custo de fabricación é maior.

Ademais de traballar para o Arde Lucus esta asociación proxecta as súas actividades máis alá da cidade amurallada e este ano foron invitados de forma oficial ao Natale di



Roma, a festa da fundación da cidade. O Cohors III Lucensim trasladou o seu campamento ao Circo Máximo de Roma onde recibiron máis de noventa mil visitas "a nosa festa non ten nada que envidiar, alí evidentemente toda a contorna e o escenario é unha marabilla pero a festa en si non é igual que aquí, son festas de recreación, hai moitos participantes pero os veciños non participan da festa". En xullo teñen prevista unha

viaxe a Moldavia e durante o ano tamén estiveron en Friol, Cambre e Portugal.

Dende a asociación gardan ao longo de todos estes anos "un montón de momentos especiais, pero quizais para nós un momento importante foi a primeira vez que nos invitaron oficialmente fóra de España, porque foi un fito e ademais invítáronnos a un evento de gran recoñecemento a nivel europeo".



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



TIR NA NÓG

A asociación da recreación histórica e a arqueoloxía experimental

Tír na Nóg nace na súa fundación como unha asociación de estudantes e o seu nome fai referencia a unha terra mítica da mitoloxía irlandesa que significa a terra da xuventude. Nacen oficialmente no 2008 tras uns anos "participando do Arde Lucus de maneira máis desorganizada, indo aos desfiles, un ano montamos un campamento con materiais do Concello e así pero nun momento decidimos constituírnos como asociación e realizar algo un pouco máis serio", conta Lorena, membro da asociación.

Agora mesmo son 24 as persoas que participan desta asociación, pero o número de socios foi flutuando, "un ano tivemos un incendio, que comezou noutra asociación pero a nós queimóusenos todo, despois foron anos moi complicados, onde algunha xente se deu por vencida e perdemos bastantes socios. Agora mesmo estamos recuperando e temos tamén socios internacionais, un socio portugués, dous socios ingleses e tamén algún de fóra de Galicia, de Navarra e Mérida".

Nos comezos vivían un o Arde Lucus como unha festa pero agora mesmo "somos unha asociación que nos dedicamos moito á recreación histórica e tomámolo bastante en serio, estamos empezando a facer arqueoloxía experimental e na actualidade tiramos máis ao histórico que á festa".

O campamento de Tir na Nóg estará no parque de Rosalía de Castro, "na entrada a man dereita" e contarán con actividades durante todos os días. "Temos o que denominamos castro vivo, durante todo o día di-

ferentes persoas estarán facendo oficios. É algo que nos gusta moito facer, olería, xoias, comida pero despois tamén temos actividades programadas a todas horas".

Este ano destaca a actividade *O proceso téxtil nos poboados galaicos*, que se celebrará o venres e o sábado e no que os membros da asociación ensinarán todo o proceso téxtil de la e liño, dende a obtención da fibra, o preparado, o fiado, o tecido en varias técnicas históricas e a continuación outro obradoiro complementario de tinguido de tecidos con pigmentos naturais.

Ademais desta actividade dende a asociación tamén teñen programado un obradoiro de cociña castrexa "onde imos ter varias persoas traballando en fabricación e procesado de alimentos, secado, asado e explicando un pouco o que nos di a arqueoloxía do que podían ter comido e como o preparaban" e outro de forxa e fundición de bronce que "é unha novidade deste ano para nós e fixemos unha replica dun

forno de fundición de bronce e imos tentar fundir bronce sen tecnoloxía moderna".

Esta asociación conta no grupo con varios integrantes que se dedican á investigación, malia que ningún no ámbito da arqueoloxía, si teñen un especialista en botánica, un veterinario que "é unha marabilla en termos de coñecemento das razas que había de ovellas e outros animais e eu céntrome moito en téxtiles. Outro dos membros ten realizados os cursos en arqueoloxía experimental e é enxeñeiro, el é o que controla toda a parte de construcións e outra rapaza ten formación en olería".

"En xeral o que facemos e ler moitos libros e sobre todo artigos científicos publicados, moitas teses de arqueoloxía e imos recollendo toda a información do que vai saíndo publicado"; ademais, os integrantes que viven fóra de Galicia aprenden as cousas máis prácticas, "é máis sinxelo ter acceso, por exemplo en Inglaterra imos moito por museos que fan reproducións de casas da



idade do ferro e participamos en actividades máis prácticas como ir a museos e asociacións a aprender outras técnicas a través de talleres. Así ímonos formando, cunha mistura de autodidacta e de ter a sorte de que a xente dentro da asociación que ten un trasfondo moi diferente pero que ten unha aplicación ao que facemos como asociación".

A asociación Tír na Nóg tamén realiza outras actividades non vinculadas co Arde Lucus como por

exemplo no parque arqueolóxico da arte rupestre de Campo Lameiro onde acoden como invitados ao festival que realizan sobre a idade de bronce pero tamén traballan realizando actividades con outros museos e organizacións. Ademais fan talleres aínda que de momento principalmente entre os socios desde aprender novas técnicas téxtiles ata realizar cerámica ou contas de vidro.

Durante todos estes anos gardan de recordo con especial agarimo "a nosa celebración dos dez anos, foi moi bonita e seguimos moitos dos socios orixinais" e dentro do Arde Lucus o que máis disfrutan é "estar no campamento realizando diferentes actividades e ensinando ao público, esa interacción coa xente e sobre todo os rapaces que son moito máis curiosos e abertos. Eses momentos son para nós unha cousa preciosa. Despois sempre tes a adrenalina do desfile, de saír e ter a toda a xente mirando para ti e estar interactuando con outras asociacións e co público".



PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

MERCENARIOS GALAICOS

Celebra o seu décimo aniversario

Mercenarios Galaicos celebra este ano o seu décimo aniversario. Naceron no 2013 como un pequeno grupo de amigos que a raíz de saír de festa durante o Arde Lucus deciden crear unha asociación. Nun primeiro momento eran aproximadamente oito persoas e unha vez aberta a asociación creceron ata as 100, número que manteñen na actualidade.

Nos comezos o obxectivo desta asociación era dar a coñecer o Arde Lucus, “estabamos centrados en Rafael de Vega, que era onde tiñamos un local de hostalaría e queríamos levar o Arde Lucus fóra de murallas, esa foi a idea orixinal na que fracasamos estrepitosamente” informa Richard, membro de Mercenarios Galaicos. A partir de aí trasladáronse á

praza Horta do Seminario e agora “estamos moi contentos porque a afluencia de xente é masiva e cada ano imos aumentando as actividades que facemos, que convocan a bastante xente”.

De xeito permanente todos os que visiten o campamento dos Mercenarios Galaicos na praza Horta do Seminario poderán ver como era a vida e os traballos no castro e tamén a exposición Panoplia Galaica.

Durante os días que os Mercenarios Galaicos estean na cidade amurallada ofrecerán un feixe de actividades, desde traballos coa madeira e con ferro na forxa ata un obradoiro de cociña galaica e outro de peiteado e pinturas de guerra.

Ademais o domingo pola mañá estará especialmente adicado aos



máis pequenos con dous obradoiros infantís, o primeiro no que realizarán un exquisito pan de landras e o segundo onde aprenderán a realizar un colgante galaico.

Con motivo do décimo aniversario esta asociación leva todo ano traballando para conseguir facer un Arde Lucus “o dobre de ben que outros



anos” e o sábado á noite levarán a cabo unha das actividades máis especiais, un sacrificio humano para “pregar aos deuses que nos axuden contra estes romanos que son moitos e están moi armados e hai que botar man do celestial”.

Centrados no décimo aniversario durante o último ano os Mercenarios Galaicos non viaxaron fóra da cidade amurallada como si fixeron outros anos, nos que realizaron

saídas a Vigo, Cartagena e incluso Roma.

O domingo rematarán cun obradoiro de téxtil na época castrexa pero antes celebraranse as vodas, momento que a asociación considera moi especial porque “é para demostrarlle a alguén o cariño” e das que gardan moi bos recordos porque algún ano “houbo algunha voda que foi moi emotiva e lacrimóxena e para nós son recordos moi bonitos”

ASEMBLEARIAS DE LUCUS AUGUSTI

O grupo que difunde o rol das mulleres da antiga Roma

Asemblearias de Lucus Augusti é unha asociación feminina cultural e de recreación histórica que naceu coa intención de difundir o rol das mulleres máis transgresoras, poderosas e influentes da Antiga Roma que sempre estiveron na sombra. Cada unha das socias dá vida a unha muller romana, desde avogadas ata emperatrices ou escritoras. Dan comezo a actividade en 2012 pero non se constitúen como asociación ata o ano 2014. Na actualidade conta con 18 mulleres participantes, das que 12 viven en Lugo e o resto veñen a participar no Arde Lucus dende diferentes puntos da península e do estranxeiro.

O Palatino, onde estarán as Asem-

blearias de Lucus Augusti durante a celebración do Arde Lucus, estará situado nos xardíns do Museo Provincial de Lugo e onde os visitantes poderán coñecer todas as estancias do Palatino, o despacho da escritora e das avogadas e a taberna. Ademais haberá unha exposición permanente e *photocall* das réplicas da Boca da verdade, da Loba Capitolina e do monstro do parque de Bomarzo.

Este Palatino conta con actividades durante os tres días “nós temos un programa moi amplo, desde visitas guiadas para explicar quen somos, unha xincana para familias e ata rituais nos que implicamos ás nenas para que empecen xa desde pe-

quenas a coñecelas” declara Pilar, membro da asociación.

Para as Asemblearias “o venres é moi significativo porque facemos a representación da primeira manifestación feminina na historia que se fixo para derrogar unha lei moi inxusta” e que dará comezo ás 19.30. “O ano pasado foi por todo Lugo pero este ano vai ser nas inmediacións do Museo para a continuación realizar a representación en si no campamento”, informa Pilar.

O traballo desta asociación non é só durante a festa senón que “tamén imos a festas de recreación histórica que nos invitan, alí onde hai unha festa estamos nós”.

“Segundo remata o Arde Lucus pasamos un mes para descansar, e despois xa empezamos a organizar outra vez, porque para crear as representacións, o vestiario, que o cambiamos todos os anos, e para preparar todas as actividades fai falta moito tempo”.

Para Pilar “isto é como unha droga, non podemos vivir con ela nin sen ela” traballan durante todo o ano



buscando ideas, cando van de viaxe aproveitan para ver todo o que teña que ver coa época romana, se atopan un lugar de telas especiais alí acoden, e dicir, están todo o ano conectadas co Arde Lucus.

“Desde fóra vívese dunha maneira moi diferente a como se vive desde dentro, hai moito traballo e xa sabes que ti non vas desfrutar, o único que queres é que as persoas gocen do que fas, e é unha gran satisfacción ver que a xente vén e se interesa, fan preguntas e descubren cousas”. En canto a momentos especiais

durante o Arde Lucus Pilar recorda que “para nós o ano pasado foi moi emotivo porque tivemos a primeira pequeniña do campamento e bautizámola, foi emocionante presentala en sociedade, para nós foi un momento importante”.

Asemblearias de Lucus Augusti é unha asociación moi familiar, “formamos unha familia, non só no que respecta ao Arde Lucus senón tamén fóra, quedamos, saímos de rutas, imos de comidas. De non ser así non sería posible que isto se mantivese no tempo”.

2023/24 CURSO

ABIERTO

PLAZO INSCRIPCIÓN para acceso a enseñanzas artísticas profesionales.

CS GRABADO, CS CERÁMICA, CS FOTOGRAFÍA, y CM SERIGRAFÍA

PLAZO INSCRIPCIÓN para acceso a EE.SS (grado).

DISEÑO de INTERIORES y DISEÑO GRÁFICO

Pruebas acceso SIN titulación, solicitud hasta 12 de junio
acceso CON titulación, solicitud hasta 22 de junio

www.edu.xunta.gal/porta/es/node/39782

Pruebas acceso SIN titulación, solicitud hasta 22 de mayo
acceso CON titulación, solicitud hasta 26 de junio

www.edu.xunta.gal/porta/es/node/36574

ESCOLA de ARTE SUPERIOR de DISEÑO RAMÓN FASCÓN - LUGO

www.escoladeartelugo.com

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Remata a instrución que decreta o peche cautelar do bar As Palmeras 12 meses

O tenente Alcalde Rubén Arroxo anunciou que o Concello de Lugo completou a instrución do expediente sancionador aberto ao bar As Palmeras, ubicado na rúa Tui, decretando o peche cautelar da instalación por un prazo de 12 meses, despois de valorarse as distintas deficiencias atopadas polas inspeccións realizadas polos servizos técnicos municipais. Arroxo afirmou que “agardamos que esta medida mellore a convivencia na zona, dado que este local é actualmente un dos maiores focos de conflictividade de Lugo”. A medida foi anunciada pola Tenencia de Alcaldía o pasado 17 de marzo, e realizou a firma cando se completaron os prazos legais. Rubén Arroxo afirmou que “seguimos traballando para garantir a seguridade nas rúas de Lugo e solucionar os problemas de convivencia que poidan existir nos diferentes puntos da cidade”.

Quedada sen móbil para a Xuventude

Lugo acollerá a III quedada sen móbiles, actividade incluída no programa +Xti 2023, nesta ocasión co obxectivo de desintoxicar do dixital e demostrar que non necesariamente se necesita internet para divertirse. A quedada, dirixida á mocidade de entre 14 e 35 anos, terá lugar o 30 de xuño, sendo o punto de partida a praza do Camiño Primitivo. A inscrición é gratuítá, cun límite de 35 prazas, e poderase realizar a partires do 19 de xuño.

Os colectivos sacan as protestas á rúa

O sector do metal, traballadores de Europastry, gandeiros e bombeiros organizaron manifestacións

O último mes foi para Lugo de moita protesta desde diferentes colectivos, que fixeron chegar as súas reclamacións a toda a sociedade a través de diferentes manifestacións.

METAL. Despois de catro días de folga, patronal e sindicatos do sector do metal chegaron a un acordo, que logo foi avalado na asemblea de traballadores.

Na proposta de acordo acadada na reunión da mesa de negociación, a patronal ofreceu un incremento salarial para 2022 igual ao IPC dese ano, é dicir o 5,7%, garantindo así a recuperación do poder adquisitivo. Para 2023 a suba será do 3,5% e para os seguintes anos de convenio, 2024 e 2025, do 2,65% respectivamente. No conxunto da vixencia do convenio o incremento dos soldos será do 14,5%.

Ademais incorpórase unha cláusula de revisión anual conforme ao IPC real, que era unha das demandas ás que a patronal se negaba con máis forza, con atrasos ao corte, isto é a partir do primeiro mes no que o IPC real supere os incrementos pactados en convenio para cada anualidade. Inclúese unha prima de convenio correspondente ao ano 2022 de 865€.

Os sindicatos CIG, UGT e CCOO valoraron de xeito positivo esta proposta que, a nivel retributivo, suporá que un/ha oficial de primeira cobrará uns 1600 euros ao ano máis, é dicir 150€ máis ao mes dende a primeira nómina que se reciba tras a sinatura do convenio.

GANDEIROS. Gandeiros de carne

decidiron levantar a súa protesta ante a Xunta en Lugo tras unha reunión co conselleiro de Medio Rural, José González, quen lles comprometeu diferentes axudas.

Explicaron que sacaron os tractores aparcados na Ronda da Muralla e non protestarán ante a Xunta, pero si continuarán coas súas mobilizacións. O compromiso dunha liña de axudas ligada á produción de calidade da IXP Tenreira Galega Suprema, así como que na próxima convocatoria de prevención de incendios forestais haxa apoios ligados ás hectáreas que se pastorean, unido a seguir coa petición da ampliación do primeiro piar da liña de axudas de vaca ama de cría, dependente do Ministerio de Agricultura.

Con todo, vivíronse momentos de tensión cos membros de seguridade da entrada do edificio da Xunta, cos gandeiros apiñados na entrada.

Produtores de carne colapsaron o centro de Lugo cunha tractorada formada por uns 400 vehículos, segundo estimación da convocante Asociación de Gandeiros Galegos da Suprema, para reclamar “prezos xustos” e denunciar os “recortes” na nova Política Agraria Común (PAC).

EUROPASTRY. A práctica totalidade dos traballadores e das traballadoras de Europastry (antiga Ingapan) secundaron unha xornada de folga para reclamar melloras laborais e salariais. Para dar máis visibilidade ás súas demandas, o persoal realizou unha manifestación a media mañá que saíu das instalacións da empresa no Polígono do Ceao e foi até o Mercadona da Avda. Infanta Helena,



xa que esta cadea de distribución é unha das principais clientes da empresa. Durante a manifestación, o persoal de Europastry confluíu brevemente co piquete do metal e ambas loitas recibiron o apoio e o recoñecemento mutuo.

BOMBEIROS. Conflitiva foi a concentración e protesta dos bombeiros de consorcios provinciais, que se iniciou coa presenza de 300 e 400 bombeiros e que tivo o seu momento máis delicado cando os antidisturbios da Policía cargaron contra eles cando

pretendían colocar un cartel ante a sede da Xunta. Despois de producirse a carga, representantes dos manifestantes negociaron cos axentes para que catro deles poidan pasar e colocar a pancarta co lema *Condições dignas para bombeiros xa*.

Os bombeiros de consorcios provinciais maniféstanse en defensa de melloras laborais e de dotación de medios dos servizos.

Por todo iso, os bombeiros de consorcios provinciais demandan “condicións dignas como teñen os bombeiros municipais”.

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Besteiro perfílase como cabeza de lista do PSOE pola provincia

O delegado do Goberno en Galicia, José Ramón Gómez Besteiro, terá que dimitir nos próximos días do cargo para ser cabeza de lista do PSdeG ao Congreso pola provincia de Lugo, cargo para o que vén de ser designado.

Para figurar nas candidaturas, o dirixente socialista debe deixar esta responsabilidade, que asumiu a principios de abril, tendo en conta que o cargo é incompatible coa súa presenza nas listas electorais para os comicios xerais.

Os socialistas galegos celebran esta semana os comités provinciais nos que se abordarán estas candidaturas, que irán á Comisión Federal de Listas e o sábado recibirán o visto e prace final do Comité Federal.



Tras iso, os partidos terán de prazo entre os días 14 e 19 de xuño para presentar nas xuntas electorais provinciais as súas candidaturas ao Congreso e ao Senado, que serán publicadas no Boletín

Oficial do Estado (BOE) o próximo día 21.

Ademais de Besteiro xa se confirmou o nome do ministro de Sanidade, José Miñones, como número uno pola provincia da Coruña.

Organizarán campamentos nas instalacións museísticas

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou unha nova edición dos campamentos de verán organizados nas distintas instalacións dependentes da área.

As actividades organizadas nas dúas casas das linguas municipais estarán orientadas para nenas e nenos de entre 5 e 12 anos, e levaranse a cabo en dúas quendas, do 3 ao 14 de xullo e do 16 ao 31 de agosto, en horario de 09:30 a 13:30 en cada unha das Casas das Linguas, e cunha participación de 15 nenas e nenos en cada unha das actividades.

Para solicitar unha praza, debe contactarse mediante correo electrónico ou en persoa na Casa das

Linguas desexada, entre o días 19 e o 29 de xuño. Os enderezos de correo electrónico habilitados son casa.linguas@lugo.gal para a Casa das Linguas da Estrada da Granxa ou no enderezo casa.linguas.balteira@lugo.gal para a casa das linguas María Balteira. Cada alumna ou alumno só poderá solicitar unha quincena, e as solicitudes para irmás e irmáns deberán remitirse no mesmo correo, indicando en todos os casos o nome e a quincena solicitada.

As actividades do Vello Cárcere terán lugar entre o 3 de xullo e o 8 de setembro, e están destinadas a nenas e nenos nados entre o 2011 e 2019. Habera 5 quendas, con 20 nenas e nenos en cada unha.

Regresan as Aulas Abertas con medio milleiro de prazas

O 12 de xuño abre o prazo para solicitar as Aulas Abertas. Unha prestación municipal que pretende facilitar a conciliación da vida familiar e laboral durante o verán.

As actividades levaranse a cabo nos centros de convivencia da capital (Fingoi, Lamas de Prado, Paco Martín, Uxío Novoneyra, Milagrosa e Maruja Mallo), en horario de 08.30 a 14.30 horas e por quincenas: do 3 ao 14 e do 17 ao 31 de xullo e do 1 ao 14 e do 16 ao 31 de agosto, e que tamén chegarán ás escolas do rural onde, nestes momentos, o departamento está a detectar as necesidades actuais para ofertar un servizo á demanda en función

das mesmas.

As persoas interesadas poderán presentar presencialmente a súa solicitude entre o 12 e o 16 de xuño nos centros sociais de A Milagrosa, Lamas de Prado, Uxío Novoneyra e Maruja Mallo, entre as 09:00 e as 13:00 horas, ou ben a través do Rexistro electrónico do Concello.

A adxudicación das prazas (480 a razón de 20 por cada centro e quenda) terá lugar o 20 de xuño nun sorteo informático público e a cota será de 10'30 € – para as quendas de 10 días e de 12'36€ para a última quincena de agosto (12 días), aínda que o Concello contempla bonificacións para segundos irmáns ou rendas baixas.

Programado un encontro europeo sobre envellecemento na cidade

Lugo será a sede, o próximo 8 de setembro, dun encontro de alto nivel da Unión Europea. Cúmrese así o compromiso dado polo ministro de Asuntos Exteriores, a alcaldesa, cando en setembro pasado anunciou a vontade do Executivo central de que a cidade fose escenario dunha das reunións de comisiarios durante a presidencia europea de España, no segundo semestre do 2023.

Precisamente, unha delegación do devandito Ministerio visitaba estes días a cidade, onde foi recibida pola rexedora para abordar a organización do evento.

“Das posibles localizacións, escolleiron o Vello Cárcere como lugar para desenvolver esta xuntanza que esta-


rá vencellada ao reto demográfico e ao envellecemento activo, nun recoñecemento ás boas prácticas que impulsa o Concello de Lugo en canto á implantación de políticas activas de promoción da participación na terceira idade”, avanzou Méndez.

O Goberno de Pedro Sánchez farase cargo da presidencia da UE dende o 1 de xullo e até 31 de decembro do 2023, de xeito que está a deseñar encontros sectoriais e informais da Unión en diferentes puntos do país mentres dure o seu mandato.

“Lugo será xunto a Vigo (Pesca) e Santiago (Economía e Finanzas) unha das tres capitais galegas na que se darán cita os representantes dos principais países europeos, con-

tribuindo así á proxección da nosa cidade como referente en materia asistencial”, valorou a rexedora ao tempo que avanzou que ao acto acudirán, alén do titular de Asuntos Exteriores, José Manuel Albares, a vicepresidenta da Comisión Europea para Demografía e Democracia, Dubravka Šuica, así como diversos secretarios de Estado.

“O obxectivo – sinalou Méndez – é que esta xornada de traballo, xunto a outra que terá lugar en Madrid, poida servir para impulsar un proxecto cunha estratexia renovada para os maiores, de aí que, alén dos altos cargos europeos, tamén se agarde a participación de recoñecidos expertos e dos colectivos lucenses”.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

Candia presenta o equipo do PP para a lexislatura

Elena Candia presentou, acompañada polos 11 candidatos que entrarán na corporación o vindeiro sábado 17 de maio, a estrutura do Grupo Municipal e tamén avanzou a estratexia e o reparto de áreas que consensou cos integrantes da agrupación. "Cada persoa do equipo terá unhas responsabilidades de traballo cun dobre obxectivo: por un lado, fiscalizar as accións do goberno e, por outra banda, facer un traballo propositivo".

Os populares facían este anuncio logo de rexistrar unha carta dirixida á candidata do PSOE e ao candidato do BNG solicitando sendas xuntanzas nas que Elena Candia ofrece un pacto para que sexa a forza máis votada a que lidere o goberno de Lugo. "De rexeitar este ofrecemento e reeditarse o pacto de perdedores non tería sentido darlles os 100 días de gracia, nin agardar nin un só día para vulgar as súas accións políticas. Non sería xusto nin razoable".

O equipo do Grupo Popular combina a experiencia de 5 persoas que tiveron ou teñen na actualidade res-

ponsabilidades en política municipal (a candidata, Enrique Rozas, Antonio Ameijide, Javier Vázquez e Mar Carballas) mentres que os 6 restantes se estean na área da política.

"Faremos un traballo propositivo e unha fiscalización esixente e firme do bipartito". "Seremos os ollos e os oídos de todos os lucenses os 365 días, as 24 horas tanto dos que votaron ao PP como dos que non o fixeron" explicaba a popular. "Non hai tempo que perder, temos a forza e a ilusión para colocar a Lugo no primeiro lugar das nosas accións" resumía a popular.

A popular engadiu que no seu proxecto para Lugo é prioritaria a participación e, nese senso, avanzou que fará reunións periódicas coas 35 persoas que a acompañaron na súa lista electoral e lembrou o seu compromiso de, como mínimo, unha vez ao ano xuntarse coa veciñanza dos barrios e das 54 parroquias.

A popular rematou a súa comparecencia agradecendo "a confianza que nos deron aos 21.500 lucenses que o pasado 28 de maio elixiron a papeleta do PP".

A ministra Pilar Alegría destaca o "modelo existoso" do CEI Nodus

O Centro de Emprendemento e Innovación do Concello (CEI-Nodus) recibiu á ministra de Educación e Formación Profesional, Pilar Alegría, quen visitou estas instalacións para coñecer os proxectos de formación que está a impulsar o Concello de Lugo, a través da área de Desenvolvemento Local e Emprego. Pilar Alegría quixo realizar un recoñecemento, así explicou que "no ámbito municipal non adoita haber este tipo de iniciativas con tanta potencialidade como este CEI Nodus e por eso tamén quero darlle a noraboa ao concello por realizar esta aposta, porque permite poñer o foco en iniciativas locais, apoiar o talento local, xerando un desenvolvemento económico para a cidade de Lugo e para toda a comunidade", engadiu a ministra.

Nos últimos catro anos, 2.259 lucenses formáronse, de xeito totalmente gratuíto, a través das accións que se puxeron en marcha para mellorar as competencias profesio-



nais e facilitar o acceso ao mercado laboral, ou ben, para reimpulsar a carreira cara novos nichos de mercado que se atopan en auge, relacionados coas novas tecnoloxías e cunha alta demanda de profesionais.

Así, 1.639 persoas finalizaron con éxito cursos dunha ampla variedade de familias formativas.

Foron 130 persoas desempregadas as que se formaron neste período de forma presencial, para obter

certificados de profesionalidade, a través dos cursos de Confección e publicación de páxinas web; e Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións; así como en competencias clave de Nivel 2 (ligua castelá, lingua galega e matemáticas).

Pilar Alegría fixo entrega dun diploma ás e aos compoñentes dos sete equipos finalistas do reto 'Lugo a cidade que imaxinas e na que queres vivir' no marco do Tour do Talento.

O BNG reclama no Parlamento máis persoal para psiquiatría do HULA

A portavoz de sanidade hospitalaria do BNG, Iria Carreira, defendeu unha proposición non de lei para incrementar a dotación do persoal da unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do HULA e garantir a correcta atención á saúde mental da poboación máis nova de Lugo.

A parlamentaria do BNG lamentou que unha vez máis, o Partido Popular non respondera cun compromiso para resolver unha situación que deixa sen atención á saúde mental

da xente nova. O PP votou en contra da iniciativa.

A proposta do BNG incluía deseñar circuitos de entrada e de saída do hospital de día, para garantir a comunicación entre profesionais dos diferentes niveis asistenciais e o correcto acompañamento e seguimento posterior das pacientes fóra da unidade. Asemade, elaborar un plan que deberá ser publicado, nun prazo máximo de 3 meses, para a adecuación do espazo e mellora das

infraestruturas desta unidade.

Carreira incidiu na necesidade de aumentar a dotación de recursos humanos e materiais que permitan ter o maior número de camas posible para a unidade.

Uroloxía realizou 160 intervencións cos robots Da Vinci

Dende a posta en marcha dos robots Da Vinci realizáronse nas máis de 1.200 intervencións de uroloxía con esta nova tecnoloxía nos servizos de uroloxía da rede sanitaria pública galega. En concreto, na área de Lugo realizáronse 160 intervencións e, no que vai de ano, máis de 350 en toda Galicia. O titular da carteira sanitaria remarcou, tamén, que máis de 5.000 pacientes foron atendidos nas vías rápidas de cancro de vexiga e próstata durante o ano pasado en Galicia. Comesaña dixo, así mesmo, que o seu departamento, grazas ao traballo conxunto cos oncológos, urólogos, oncoloxía radioterápica e medicina nuclear, está a ultimar a actualización da ruta asistencial e de manexo do cancro de próstata no Sergas, co obxectivo de garantir un mellor diagnóstico temperá e o mellor tratamento posible con parámetros de evidencia e eficiencia en toda a poboación galega.



SOLIDARIEDADE. A campaña solidaria que promove a Comandancia da Garda Civil lucense fixo entrega de xoguetes aos nenos e nenas ingresados no servizo de Pediatría do HULA, nunha iniciativa na que participaron tanto empresas como particulares, permitindo a doazón de xoguetes novos por valor de 1.000 euros

HERBÓN
DESQUACES

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

A TENDA DE FINGOI
ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

PANADERÍA
FRUTERÍA
ALIMENTACIÓN

SERVICIO A DOMICILIO
Calle Armórica 102, bajo - Lugo. Tel.: 982 225 409



Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

“Temos o stock de cerámica máis grande da cidade de Lugo”

Falamos co responsable de Sótano Outlet, unha nova marca nun negocio de sempre

Que é Sótano Outlet?

Sótano Outlet é un tipo de comercio orientado ao *outlet* onde vendemos principalmente tres tipos de produtos, picos de restos de serie que proveñen do almacén central, partidas que se compran de oferta en grandes cantidades para promoción exclusivamente e temos tamén artigos en clase comercial, tamén denominada desclasificados. Traballamos principalmente con cerámicas e mobles de baño porque dende a nosa plataforma loxística xéranse moitos restos de serie que vendemos no *outlet*. No caso dos mobles de baño temos moitos retornados de exposición e descatalogados que se liquidan no *outlet* así como prototipos que se fabrican para facer as fotografías de catálogo e que tamén se poñen á venda en Sótano Outlet. Cando arrincamos dicíamos “non é un oferta, é unha nova oportunidade en Lugo”, non é que sexa unha oferta en concreto senón que abrimos un negocio que ten sempre ofertas, onde a filosofía é ter

produtos moi competitivos e grandes oportunidades.

Como nace a idea?

O obxectivo de facer o *outlet* é primeiro resolver este problema e darlle saída a este tipo de produto e en segundo lugar competir coas grandes superficies comerciais que hai actualmente neste sector. Ofrecemos un prezo moi competitivo con deseños actuais e produtos de calidade e en contraposición a estas grandes cadeas do sector seguimos mantendo un servizo, unha atención comercial e un asesoramento personalizado e próximo que non teñen as grandes multinacionais. A vinculación persoal co cliente é moi importante para nós e tamén, algo no que facemos moito fincapé, é que somos comercio local, con todos os beneficios que iso conleva como manter os beneficios na túa cidade e non exportar a ganancia. Debemos traballar en conservar o negocio local o máximo posible e os negocios locais tamén nos debemos poñer en condicións de competir coas

grandes plataformas, e niso estamos traballando.

Por que o nome de Sótano Outlet?

Este local sempre estivo vinculado á venda relacionada con materiais de construción e dispón principalmente de dúas grandes plantas que antigamente eran almacén e que se reformaron para transformarse en espazos expositivos ao público. A primeira planta conta de 1.400 m2 adicados integramente a exposición de baños, cociñas e cerámicas. E unha planta inferior á que denominamos “sótano”, que de forma moi gráfica lle dá nome a esta marca, e consiste nun espazo expositivo de 800 metros onde podemos atopar todos os artigos dispoñibles de Sótano Outlet. Xeramos este nome comercial diferente para que sexa moi evidente e moi claro que é un comercio diferente orientado a un sector de mercado diferente. Poderíamos facer ofertas puntuais con todo este material durante todo o ano pero ao final seríamos un comercio cunha chea de ofertas todos os



días que desvirtuaría a alma da idea principal.

Que tipo de produtos podemos atopar en Sótano Outlet?

Estamos moi especializados en cerámicas e mobles de baño. Traballamos con produtos actuais, que non están desactualizados, e con materiais de moi boa calidade destinados por exemplo a chans para terrazas exteriores, chans para garaxes, azulexos para cociña e cuartos de baño e ata produtos de decoración. Así como tamén accesorios de baño, sanitarios e griferías. Temos o stock de cerámica máis grande de Lugo e dos máis grandes de Galicia, igualmente de pratos de ducha e *mamparas*. Pódense atopar produtos de diferentes prezos, en función da calidade e dos metros dispoñibles que queden.

Están enfocados a particulares ou profesionais?

Traballamos tanto con profesionais, como con particulares, Sótano Outlet está aberto a todo o mundo. Nós non ofrecemos simplemente un servizo de venda senón que tamén realizamos un traballo de asesoramento. Asesoramos desde a utilización do produto ata que produto se axusta máis ás necesidades do cliente. Tamén colaboramos con profesionais, nós temos unha carteira de especialistas e podemos recomendar aos nosos clientes o máis apropiado para o traballo que vai realizar, permitindo establecer relacións directas sen intermediarios, o que repercute de xeito moi importante no beneficio do cliente.

Que proxectos de futuro teñen?

Actualmente estamos a traballar nunha tenda en liña para poñer todos estes artigos a disposición dos nosos clientes a través de internet.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL





C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Aprobado o programa de eficiencia enerxética para 57 vivendas do centro

A alcaldesa, Lara Méndez, anunciou que o Concello de Lugo aprobou en Xunta de Goberno, a Memoria, correspondente á Fase XVII, do Programa de Rehabilitación no Centro Histórico da cidade, ao abeiro das axudas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generación.

Nesta convocatoria, – que como até o de agora se xestionará dende a Empresa Municipal de Vivenda e Solo (Evislusa) – o Executivo local proxecta rehabilitar un total de 57 vivendas, ubicadas no recinto amurallado.

A colaboración suporá un desembolso total de 1.960.691 euros, dos que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana asumirá 997.311 €, o Concello 239.412 € e os promotores particulares 723.967 €

A rexedora explicou que, “con estas achegas, 35 inmobles poderán reducir entre o 30% e o 45% o seu consumo de enerxía primaria non renovable, mentres que 12 aca-

darán unha diminución de entre o 45% e o 60% e 10 edificacións rebaixarán a súa demanda de enerxía por riba do 60%”.

Dende a súa orixe, estas axudas levan contribuído a impulsar a reforma de 636 vivendas (354 nas seis primeiras fases e 282 máis ata a 14 edición) e máis dunha vintena atópanse en tramitación.

A rexedora manifestou o compromiso permanente e absoluto do Goberno municipal por continuar avanzando na humanización e dinamización de todos e cada un dos barrios de Lugo.

“No caso do recinto amurallado, esta obedece a unha recuperación urbanística pero tamén comercial, a través dos viveiros municipais que impulsamos na Tinería e coa que tamén quixemos corrixir a degradación social que lle afectaba á zona. Unha mellora que se fará máis evidente cando conclúan tamén as obras de peonización proxectadas na contorna e que xa se atopan en curso”, incidiu Lara Méndez.

Preparan as bases para dotar ao cemiterio dunha brigada de limpeza

O Concello de Lugo disporá dunha brigada de limpeza, conservación e mantemento do recinto do Cemiterio de San Froilán e o fará, ademais, con vocación de favorecer a inclusión laboral de persoas en situación de vulnerabilidade.

A tenenta de alcaldesa e responsable de Gobernanza, Paula Alvarellos, sinalou que “con esta medida queremos favorecer a ocupabilidade e a inserción laboral aproveitando as subvencións existentes que permiten ás entidades locais a contratación temporal de persoas en situación de risco ou exclusión social, ao tempo que impulsamos a mellora e o coidado das dotacións públicas”.

A concelleira explicou que ao abeiro desta achega autonómica, cuxo importe ascende a 45.622 euros, se contratará a catro persoas durante 9 meses, a media xornada e cun horario de traballo que será, habitualmente, de mañá.

“As e os candidatos serán seleccionados dunha oferta específica do programa de contratación de beneficiarios/as da Risga polas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santa Eulalia de Mazoi

A igrexa está situada nunha carballeira e consiste nun edificio románico de pequenas dimensións

A parroquia de Santa Eulalia de Mazoi conta na actualidade cun total de noventa e nove habitantes repartidos en catro núcleos de poboación que son Barcia, Cacabelos, Cerracín e Mazoi. Todos teñen unha poboación similar, cerca dos trinta habitantes, salvo Barcia que conta con catorce e é o núcleo menos poboado.

Esta parroquia está situada a unha altitude de 450 metros e por ela transcorren os regos de Barcia e de Mazoi, a pouco máis de cinco quilómetros da capital lindando coa parroquia de Pías. A igrexa de Santa Eulalia de Mazoi está situada nunha carballeira e consiste nun edificio románico, de pequenas dimensións e sinxeleza construtiva. Conta con aparello de perpiaños irregulares mesturados con pequenas laxas de lousa, actualmente un revestimento de morteiro oculta gran parte dos antigos perpiaños, especialmente nos muros da nave e da ábsida. De planta rectangular, esta igrexa ten unha cuberta de madeira e lousa a dúas augas e a porta principal alintelada, cun tímpano semicircular monolítico e liso e a porta lateral dereita alintelada simple. As xanelas son rectangula-

res, cun amplo derrame interior, e están situadas unha sobre a porta principal e as outras dúas nos laterais.

No seu interior conta cun arco de medio punto, a sancristía está encostada ao lateral esquerdo da ábsida coa que se comunica dunha sinxela porta alintelada. O retablo maior da igrexa de Mazoi é de estilo clasicista e datado do século XVII, o frontal do altar é de madeira e na sancristía consérvanse columnas e restos de ferros de madeira doutro retablo.

Unhas obras realizadas na igrexa, que obrigaron a desmontar o retablo maior, descubriron un interesante conxunto pictórico que ocupa todo o muro interior da cabeceira, cunhas medidas de máis de catro metros de ancho e unha altura máxima de case tres metros e medio. Está realizado con cores amarelas, ocre, vermellos, azuis, grises e negros e representa a Anunciación a María.

Na súa parte superior pódese ver unha representación do Pai Eterno, rodeado de mandorla e do cal saen uns raios de luz que atravesan unha pomba, símbolo do Espírito Santo. Tamén aparece



a figura de San Gabriel, en tons claros e tamén a Virxe, que non está completa.

O conxunto pictórico ten como base un xadrez romboidal, con cadros en dúas cores que dá sensación de perspectiva e tamén conta con motivos vexetais moi xeométricos. A pesar de que a obra ten trazos románicos, está considerada máis tardía, seguramente feita por un artista popular. Unido a este patrimonio arquitectónico a parroquia de Santa Eulalia de Mazoi garda un lugar chamado Alto do Castro, un pequeno castro nun outeiro que está formado por dous recintos de forma oval e que contan cun terraplén arredor a modo de defensa.



**SE VENDE
MOLINO - VIVIENDA
(En Sarria)
470.000 €
IDEAL PARA
VIVIENDA O NEGOCIO**

- Molino centenario en un entorno privilegiado
- A 10 minutos andando del centro urbano
- Espacio natural protegido
- 420 m² + 6.000 m² fincas

¿BUSCA MONTAR UN NEGOCIO...? HABLEMOS

Tlf: 604 020 280

PROYECTOS CONSTRUCTIVOS RÍO MIÑO S.L.
Estrada Coruña 132 -27003 lugo www.occhিপelle.com

tlfno: 982 21 52 20 - 609 80 26 48

reforma - construcción - diseño

A Facultade de Ciencias lanza o concurso de vídeos 'Petiscos de ciencia'

A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias do Campus de Lugo convoca, co apoio do SNL da USC, o concurso de vídeos *Petiscos de ciencia* co obxectivo de achegar a actividade científica á mocidade, ademais de para favorecer a divulgación en lingua galega dos contidos do labor que desenvolve a comunidade investigadora. O certame, que nesta edición está aberto á participación do alumnado de ESO, Bacharelato e Formación Profesional, repartirá 300 euros en premios entre as dúas propostas máis valoradas polo xurado. O prazo de presentación de vídeos inéditos e orixinais, que poden ser elaborados de xeito individual ou en equipos de tres persoas coordinadas por un docente, remata o 15 de outubro.

As propostas presentadas a concurso deben remitirse ao enderezo de correo electrónico fcdeca@usc.gal e teñen que estar aloxadas nunha canle de YouTube baixo licenzas Creative Commons, segundo rezan as bases do certame, nas que se tamén se explica que o xurado encargado de avaliar as propostas creativas terán en conta a súa calidade técnica (imaxe e son), a corrección lingüística, a orixinalidade do vídeo, así como a veracidade dos contidos científicos. Os vídeos serán en lingua galega, tanto nas expresións orais como nos elementos escritos, e a súa duración non pode ser inferior a 30 segundos nin superior a 90 segundos. O xurado anunciará as candidaturas gañadoras nas páxinas web da Facultade de Ciencias e do Servizo de Normalización Lingüística da USC. A entrega dos premios será no Campus.

O Museo suma 16 obras de Tino Grandío e expón a cabeza de Narla

O Museo Provincial de Lugo vén de recibir a través dunha doazón particular "a cabeza de Narla", unha peza arqueolóxica representativa da cultura castrexa que, a través deste ingreso, se amosa por primeira vez ao público.

A figura expónse na sala 9 da sección de Arqueoloxía do Museo de Provincial de Lugo, que nas vindeiras datas programará diferentes actividades para dar a coñecer a historia e o valor da peza para a sociedade lucense.

A doazón abre así mesmo unha nova etapa no estudo e na investigación da peza e da plástica castrexa, a fin de determinar máis polo miúdo as características, paralelismos, cronoloxía ou historia deste ben cultural.


Figura dunha cara, adosada a un cilindro de granito, de testa lixeiramente abombada, nariz triangular algo mutilada, dous ocos forman os ollos, debaixo do nariz incisión que correspondería a boca, queixo pronunciado. Polos laterais e por abaixo corre unha liña continua indicando o remate das queixadas. Ten unha altura de 20 cm e anchura de 12 cm. Procede do Castro de Narla, Friol e está adscrita á cronoloxía castrexa.

TINO GRANDÍO. Incorpora tamén dezaseis novas obras do pintor lucense Tino Grandío (Lousada, Guntín, Lugo, 1926 – 1977), depositadas por Rosendo Figueroa Dorreogo. Trátase de oito óleos so-



bre lenzo e outros tantos debuxos a tinta e augadas, representativas das distintas etapas da súa obra pictórica, desde 1950 ata 1976, un ano antes da súa prematura morte. A cesión das obras concretouse nun encontro no que a vicepresidenta da Deputación de Lugo Maitte Ferreiro agradeceu "a xenerosidade da familia do pintor lucense, que xa ten cedidas outras obras ao Museo Provincial" e sinalou "este novo depósito como unha oportunidade para reivindicar desde Lugo o legado dun dos pintores galegos máis recoñecidos internacionalmente".

Coa recepción das novas obras, comezase a traballar na creación dunha sala monográfica para expoñer de forma permanente unha escolma da produción artística de Tino Grandío.



A exposición 'Lugo no tempo' recibiu 4.000 visitantes

A exposición Lugo no tempo, organizada pola Xunta de Galicia, a través da Cidade da Cultura, e por Afundación, pechou as súas portas o pasado sábado na sede desta última entidade con 4.000 visitantes. A mostra, inaugurada o 28 de marzo, reuniu ao redor dun cento de pezas entre obras de arte, fotografías, documentos e mapas históricos e obxectos inzados de simbolismo, construíndo un relato único sobre a historia dunha urbe exemplo de convivencia e integración de culturas: a galaica e a romana.

Comisariada por Manuel Gago e co asesoramento da escritora lucense Marica Campo, a mostra abordou o pasado e presente de Lugo desde distintas perspectivas como son a economía, a creación artística, a estética urbanística, o entretemento e a memoria. Dos seus 4.000 visitantes, mais dun milleiro foron escolares que participaron nas visitas didácticas postas en marcha no marco da exposición.

A sociedade lucense puido gozar

dunha oportunidade única para achegarse á orixe e evolución dunha cidade marcada pola Muralla, declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco, e sen perder nunca a escala humana da relación entre a súa veciñanza. Un percorrido polos grandes cambios urbanísticos de finais do século XIX e o despegue do século XX, con referencias ao seu papel como capital agrogandeira ou ás súas celebracións emblemáticas, como o San Froilán e o Arde Lucus, que quedan recollidas no seu correspondente catálogo, xa á venda.

Despois do paso por Santiago de Compostela (xuño-setembro 2022), Ferrol (novembro 2023-xaneiro 2024) e Lugo (marzo-maio 2023) e con 15.000 visitantes acumulados, o percorrido do proxecto expositivo Cidades no tempo continuará na Coruña en xullo cunha nova exposición. Vigo, Ourense e Pontevedra completarán este achegamento á cultura urbana de Galicia.

Lugo Monumental organiza unha nova edición da Secal

A asociación Lugo Monumental volverá celebrar en Lugo a Semana de Exaltación da Cultura e a arte de Lugo (Secal), que terá lugar este ano entre os días 9 e 18 de xuño e estará dedicada á figura de José Vázquez Cereijo.

A Secal orixinouse en 1995, a iniciativa de Lugo Monumental, e recuperouse o ano pasado para axudar a promocionar aos creadores locais de Lugo.

A iniciativa principal é que os locais participantes do centro histórico colaborarán cos artistas lucenses cedendo espazos de forma gratuíta para que os creadores poidan expoñer as súas obras durante eses

días. Isto complementaríase con todas aquelas accións culturais que se poden levar a cabo tales como concertos, exposicións, recitais... Todos os posibles actores serán convidados a participar nunha acción conxunta que redundará nun obvio beneficio conxunto.

Evidentemente esta iniciativa pode ser tan ampla como se desexe. En principio terían cabida as seguintes categorías, que no desenvolvemento da idea poderían irse ampliando se se considera conveniente: pintura, escultura, xoiería, artesanía, arquitectura, música, danza, teatro, cinema, literatura ou fotografía.

Convocan o concurso do cartaz das festas

Vén de convocarse de novo o concurso de deseño gráfico co que se escollerá cartaz para o San Froilán e o San Froilán Miúdo 2023. As persoas participantes poderán presentar cantas obras desexen, sempre que sexan orixinais. Para participar poden presentarse os traballos ata o 21 de xuño en formato dixital JPG, cunhas dimensións de 50x70 centímetros e con 72ppp de resolución, en soporte cd ou lapis de memoria. Ademais, poderanse enviar tamén por enderezo electrónico a cultura@lugo.gal, indicando no asunto Cartel San Froilán 2023. Un xurado cualificado será o encargado de escoller a obra, que será premiada cun importe de 2.000 euros.

escolActiva
Centro de Ensino

- ➔ **Apoyo escolar en infantil y primaria**
- ➔ **Refuerzo y preparación de pendientes en ESO y BAC**
- ➔ **Preparación de ABAU extraordinaria**
- ➔ **Idiomas: Inglés, Italiano, gallego y español para extranjeros**

ADEMÁS TE PREPARAMOS PARA LAS PRUEBAS OFICIALES DE:

- Educación Secundaria para adultos (ESA)
- Prueba de Acceso a la Universidad (UNED)
- CELGA y DELE
- Cambridge, APTIS y CILS

¡NUEVOS GRUPOS ONLINE!

Rúa Camiño Real 48, bajo 27004 Lugo.
676 115 427 / 982 807 670 / www.escolactiva.com
Instagram: [instagram.com/escolactiva](https://www.instagram.com/escolactiva) Facebook: [facebook.com/escolactiva](https://www.facebook.com/escolactiva)

BANDEIRA AZUL




Lago de As Pontes
Creamos un océano para ti



Conversa con Miguel Macía, pintor local

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Miguel Anxo Macía naceu en Lugo en 1955 e sempre foi un pintor con gran devoción ao debuxo, circunstancia que descobre aos catorce anos cando realiza un curso por correspondencia de debuxo e pintura.

Serviuche este curso para demostrar á túa familia, as túas grandes dotes para o debuxo?

Si, xa que na miña familia non había antecedentes e o meu pai dicíame "ti dedícate a estudar e deixa de debuxar". Pero, eu xa descubrira que se me daba ben, que tiña talento e enfoqueime a desenvolvelo, ademais de terminar o bacharelato. Aínda así, cando me matriculei en Belas Artes, tampouco a vían como unha carreira seria.

Que adoitabas debuxar nesa época?

Facía moitos debuxos de cómics, por exemplo do Capitán Trueno, na parte de atrás das láminas do instituto. E un ano despois empecei a debuxar paisaxes de Lugo, como o parque Rosalía de Castro, a praza do Campo, na que nacín e á que teño moito agarrado e, tamén, a praza de Santa María, presentándome aos certames de pintura ao aire libre, dos cales fun gañador en 1974.

Os teus cadros reflicten o ambiente destes lugares, verdade?

Claro porque eu non só pinto o que vexo, senón o que sinto. Desexo transmitir sensacións e, sempre, propoño que estes cadros se poidan poñer no salón dunha casa, é dicir, intento que sexan asimilables para calquera persoa. Non me gusta pin-

tar cousas raras. E, a esa idade, xa comecei a pintar con cores moi vivas: morados, laranxas, amarelos... que achegasen boas sensacións como a alegría.

A cor na túa obra é moi importante? Si, o é, teño paixón pola cor xa que me permite reflectir o que sinto. O que me importa é a emoción, como a un dos meus pintores preferidos, Goya, por exemplo na súa obra "El 3 de mayo en Madrid", a pesar do trágico da escena, eu poñeríao no meu salón polas emocións que provoca, que non son negativas.

Cales foron as túas influencias?

Sen buscalo, inspireime na pintura galega, continuei a traxectoria iniciada por Colmeiro, Laxeiro, Díaz Pardo... coetáneos aos que tiveron a sorte de coñecer e que transmitían ese amor por Galicia, por Lugo.

Es Licenciado en Belas Artes pola Facultade de Valencia, algunha pegada na túa obra desa cidade?

Si, claro, sobre todo a súa luz, ao ser unha cidade tan luminosa, mesmo no inverno, dáche alegría. E a alegría reflíctese co colorido.

Durante a túa etapa de estudante universitario viaxas a Roma, Venecia e Florencia. Foi relevante a influencia dos clásicos?

Os clásicos sempre inflúen. Cando descubrín a miña vocación desexaba velos ao natural, pero era consciente de que requiría ter unhas bases xa moi asentadas. Por iso, durante aquela viaxe de "paso do Ecuador", gocei moitísimo máis e, ademais, foi unha experiencia moi enriquecedora ao compartila con compañeiros e profesores.

E esas figuras que pintas con formas voluminosas, débese a iso?

Ben, eu non inventei nada. Realmente esa desproporción expresionista das figuras vénme da influencia da pintura galega, desa estética de

granito do Pórtico da Gloria, dese gusto polas formas redondeadas sen chegar a ser grotescas que, tamén se inspira na paisaxe de Galicia e que foi transmitida polos artistas galegos ao longo da historia, querendo ser eu un máis deles.

Pódese vivir da pintura?

Non, porque para vivir da pintura teñen que haber unha relación de golpes de sorte, encadeados, que che leven a unha situación determinada e é moi difícil que se dea. Que eu coñezo, aquí en Galicia, deuse no caso do escultor Francisco Leiro, recoñecido internacionalmente. Ademais para vivir da arte, tes que facer moitas concesións como pintar por encargo, facer obras determinadas como retratos... E iso coarta a liberdade de expresión. Eu, en busca desa estabilidade económica, decidín dedicarme ao ensino, fun profesor de debuxo nun instituto de Secundaria de Lugo, o que me permitiu ter a liberdade necesaria para crear.

E, así, poder desenvolver a túa verdadeira vocación, a pintura?

Si, porque, antes de entrar en Belas Artes, xa era pintor. Aos meus vinte e dous anos xa levaba realizadas dez exposicións individuais, a primeira no Círculo das Artes de Lugo, logo en Santiago, A Toxa, Ferrol, Pontevedra... incluída Madrid onde me estaba preparando para entrar en Belas Artes. E ao ter esa preparación e experiencia, algúns compañeiros considerábanme mestre.

Ao terminar os teus estudos gañaches a Bolsa de Paisaxe de Paular, en Segovia.

Si, xunto con outro compañeiro, fun proposto polo profesor xefe do Departamento de Paisaxe, o mesmo que tamén me propuxo quedarme alí, na facultade de Valencia. Feito polo que lle estou moi agradecido, pero que rexeitei no seu momen-



to, circunstancia da que nunca me arrependín, xa que o meu futuro, ademais da miña familia, estaba en Galicia, é máis, o meu tema é Galicia e, sobre todo, Lugo.

Cal é a túa técnica?

Pinto en óleo sobre lenzo e taboleiro de madeira. Cando empecei, probaba todas as técnicas e, posteriormente, despois de descubrir a aprendizaxe de diversas técnicas como a serigrafía, decanteime polo óleo xa que me gusta que se vexa o trazo, que un cadro sexa unha obra única. Ademais, é unha pintura máis lenta e che permite reflexionar.

E fixeches algo de escultura de madeira?

Si, pouca e foi pola amizade que ti ven con Paco Pestana, escultor lucense recentemente falecido.

Sobre o cal fixeches ti tese doutoral, xa que es Doutor en Belas Artes pola facultade de Pontevedra.

Ao longo da miña traxectoria, sempre me preocupe por formarme, non só para crear senón, tamén, para poder opinar en base a uns coñecementos técnicos. Tiña claro que non quería facer a tese sobre pintura, así que me propuxeron facela sobre a escultura en madeira. E fíxena sobre a obra deste gran amigo, sentíndome moi satisfeito xa que resultou unha homenaxe en vida. O título da mesma era "Evolución e análise da obra escultórica de Paco Pestana". E é unha tese de recompilación xa que a obra de Paco, aínda que era moi coherente, non a tiña recompilada, só había algúns catálogos soltos. Por tanto, recompilei toda a súa obra con moitas fotos cotexadas coa escultura internacional e algunha información sobre a súa vida. Ao tribunal, sobre todo ao presidente, valorou moito a súa proximidade á arte local, obtendo un sobresáinte cum laude e a Paco gustoulle porque durmíu abrazado a ela durante varios días.

Aínda que gañaches multitude de premios e estás en diversos catálogos e publicacións, consideras que tes o recoñecemento debido?

Eu creo que, a nivel local, si. Son un

pintor local. Ademais, a miña obra está presente en varias institucións: Deputacións de Lugo e Coruña; na Casa do Concello de Lugo, entre outros, como na do Grove, non que gane varios certames; no Museo Provincial; realicei os murais de conmemoración do cento cincuenta aniversario do Instituto Lucus Augusti de Lugo, onde impartín clase durante anos; no Círculo das Artes que, por certo, por esta obra estiven presente na exposición «Lugo non tempo», na Sede Afundación de Lugo, e pola que, especialmente, síntome recoñecido por ter un cadro meu, xunto con grandes pintores como Xulia Minguillón, Tino Grandío... Devandito cadro cedino no seu momento ao Círculo das Artes e, aí, recoñezo que tiveron un golpe de sorte, xa que a comisión desta exposición ía ao Círculo para ver a obra doutro pintor consagrado, Arturo Souto, e alguén lles falou do meu cadro.

Ultimamente pintas con moito sentido do humor, non?

Si, nun entorno urbano poño figuras de cómics, xoguetes... Como unha volta á infancia, pero que reflicte un dominio da técnica, das proporcións..., sen pensalo de antemán, senón que foi xurdindo, como unha nova etapa, evolucionando. Ademais, tamén fixen outra serie con figuras icónicas, actrices famosas...

Adoitas pintar no teu estudo?

Normalmente, si, aínda que adoito participar en certames de pintura ao aire libre. Por certo, meu estudo está aberto a quen queira visitalo xa que cando tiña catorce anos o meu soño era ver o taller dun pintor porque se o tivese visto, axudárame moito coñecer a súa organización.

Algunha outra exposición á vista?

Algunha colectiva, individuais non. Coa idade busco sensacións máis humanas, para relacionarme cos demais, para compartir experiencias. Paso moito tempo só no meu estudo.

E para rematar, hai moito artista en Lugo?

Si, hai que destacar os artistas da pintura mural que está a crear unha nova paisaxe da cidade.

HONDA XL750 Transalp

Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

TRANSALP
Las montañas te llaman.

Camiño Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

A EASD Ramón Falcón inicia o proceso de matrícula do novo curso

A EASD Ramón Falcón oferta 20 para cada especialidade das Ensinanzas Superiores de Deseño (nivel MECES 2, coma o grao universitario). As dúas especialidades impartidas son as de Deseño Gráfico e Deseño de Interiores. Para acceder é preciso facer inscrición previa, de xeito telemático (www.edu.xunta.es/eas) ou presencial.

O acceso esixe estar en posesión do Bacharelato (vale titulación ou proba de acceso a universidade), tendo que superar tamén unha proba específica. Posuír un título de Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño exixe de facer esta proba (nunha porcentaxe de prazas limitadas). Neste caso, a inscrición ten como data límite a do día 26 de xuño.

Pódese acceder tamén sen posuír o bacharelato, tendo cumpridos os 18 anos no ano natural de acceso (2023) e facendo unha proba substitutiva. Neste caso, a inscrición tiña como data límite a do día 22 de maio.

Tamén se ofertan Ensinanzas Artísticas profesionais (nivel académico MECES 1, ciclo formativo de grao superior) en tres especialidades: Gravado e Estampación, Fotografía e Cerámica Artística. A oferta inclúe tamén a especialidade de Serigrafía Artística, de nivel académico de ciclo



formativo de grao medio.

As prazas ofertadas son de entre 15 e 20 por especialidade, e igualmente é preciso facer unha inscrición previa.

O acceso aos ciclos de grao superior esixe tamén estar en posesión do Bacharelato (servindo tamén un título académicamente equivalente, titulación universitaria ou a proba de acceso a universidade), tendo que superar tamén unha proba específica. O acceso ao ciclo de grao medio esixe estar en posesión da ESO (ou título equivalente), tendo que superar tamén unha proba específica. Tamén é posible acreditar experiencia laboral acreditada relacionada coa titulación, de alomenos un ano, para

non ter obriga de facer esta proba. Neste caso, a inscrición ten como data límite a do día 22 de xuño.

Non tendo a titulación requirida para acceder as ensinanzas profesionais, pódese acceder superando unha proba substitutiva (previa a proba específica descrita anteriormente). No caso dos ciclos de grao superior é preciso ter cumpridos 19 anos dentro do ano natural no que se solicita (2023). No caso de posuír titulación de Técnico relacionada, a idade esixida é de 18 anos. No caso do ciclo de grao medio é preciso ter cumpridos 17 anos dentro do ano natural. Neste caso, a inscrición ten como data límite a do día 12 de xuño.

A EPS desenvolve un sistema de prevención de incendios

O grupo de investigación Algoritmos e Modelización Xeoespacial da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra desenvolve xunto coa empresa Indesnor un sistema forestal automatizado de prevención de incendios en tempo real con tecnoloxía multiespectral e láser 3D desde UAS ao abeiro do proxecto SisFor, unha actuación financiada con preto de 250.000 euros a través do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial na que participaron os investigadores do Departamento de Enxeñaría Agroforestal da USC Xesús Pablo González, Jaime Rodríguez, María Teresa Martín e Javier J. Cancela, xunto coa empresa Indesnor.

O sistema tecnolóxico automatizado creado ao abeiro do proxecto SisFor permite o control e a detec-

ción de áreas ou elementos vexetais de risco in situ, tal e como pode ser a vexetación que incumpra as normativas de infraestruturas eléctricas, mediante o procesado de imaxes multiespectrais e nubes de puntos láser do tecido eléctrico en tempo real. A disposición desta información supón unha vantaxe e facilita en gran medida o labor dos operarios responsables de vixiar pola conservación e o bo funcionamento das instalacións, segundo indica o profesor Xesús Pablo González.

O proxecto integra diversos dispositivos ou elementos técnicos diferenciados, tal e como son unha plataforma de vo non tripulada que está dotada de sensores capaces de capturar imaxes 3D da traza da infraestrutura eléctrica xunto coa cuberta vexetal.

O IES Muralla de Lugo gaña o concurso de recollida de pilas

O IES Muralla de Lugo e o CEIP Carmen García Carrasco de Cenlle convertéronse nos gañadores da cuarta edición do concurso Pilabot, organizado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en colaboración cos xestores de pilas autorizados en Galicia -Ecopilas, ERP e Ecolec-.

Na cuarta edición do concurso participaron uns 32.000 alumnos dun total de 150 centros de educación primaria e secundaria de toda Galicia. Este ano pechou coa recollida de 46.649 quilogramos de pilas, acumuladores e baterías usadas, un dos residuos máis contaminantes que se xeran nos fogares.

Dese total, o IES Muralla de Lugo levou o primeiro posto en termos absolutos, ao recoller máis de 4,6 toneladas de pilas na súas instalacións —en concreto, 4.654,45 kg—. Pola súa banda, o Colexio Plurilingüe Divina Pastora M.M. Franciscanas, de Ourense, foi segundo, con 2.346,95 quilos recollidos.

Os centros recibirán un premio económico que deberán destinar á compra de material escolar ou deportivo. Concretamente, os primeiros premios de ambas categorías están dotados con 2.500 euros cada un, mentres que os centros que quedaron en segunda posición levarán como recompensa 1.250 euros.

CENTRAD. O deputado Efrén Castro entregou ás alumnas do proxecto formativo Tecer para medrar as certificacións que acreditan a súa participación no curso de artesanía e moda sostíbel organizado polo Centro de Artesanía e Deseño e a Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo (FADAS), dando continuidade ao proxecto Tecer para integrar que se desenvolvera o ano pasado.





GEOCLIMA ST
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION



SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO


REFRIGERACIÓN


CALEFACCIÓN


SOLAR TÉRMICA


BIOMASA

📍 Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

☎ 982 814 147 / 636 462 063 🌐 www.geoclimast.com

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓVIL

NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS
SEGUROS GENERALES

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

VALIREY LUGO S.L.
Oscar Valiño Pin **NUEVA DIRECCIÓN**
Ronda das Mercedes N° 48 entreplanta - Lugo
☎ 628 126 720 - info@valireylugo.com



Queixas do PP e da nova asociación polas obras de peonalización

A Plataforma de Veciños do Barrio Centro de Lugo trasladou ao Concello de Lugo a situación actual “dos xa intensos problemas” derivados do plan de tráfico durante as obras de peonalización do Centro, co tránsito de vehículos pola Rúa Nova.

Os veciños manifestan que algunhas das chapas metálicas colocadas para protexer as tapas de subministracións están soltas e levantadas polo paso dos vehículos, o que supón un grave risco para peóns e automóbiles e ademais volven facer un molesto ruído, o que impide o descanso dos veciños da rúa. Alertan tamén que os ollos de gato colocados na rúa están a provocar numerosos tropezos, provocando xa varias caídas, unha delas mesmo causando unha fractura de certa gravidade a unha veciña, como grave tamén resulta a recente fuga de gas na rúa Montevideo, tamén derivada destas obras. Os residentes queixanse así mesmo de non dispoñer dunha zona habilitada para realizar breves e puntuais paradas cos seus vehículos preto dos seus domicilios co fin de atender necesidades básicas dos seus maiores

e solicitan autoricense ditas paradas na Rúa Bolaño Rivadeneira, onde, ao seu xuízo, non supoñerían inconveniente algún.

A Plataforma mantén a súa colaboración co Concello co obxectivo común de que as obras supoñan as menores molestias posibles aos veciños.

PARTIDO POPULAR. Segundo explica o PP, o cableado das fachadas dos edificios non se soterrará, “a pesar de que a rexedora asegurou que este sería un dos beneficios das obras que se están a executar.”

Explican os concelleiros populares que segundo se recolle no prego de condicións para a redacción dos proxectos das actuacións no centro histórico de Lugo para a realización das Zonas de Baixas Emisións, financiadas por axudas de EU mediante os fondos Next Generation EU, establece que no apartado alcance do contrato, entre outros condicionantes, está o seguinte: “Para iso, substituirase o pavimento existente e soterrarse o cableado aéreo existente ou que discorre pegado ás fachadas das edificacións”.

O posto de información turística da praza Maior volve funcionar

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, e Rubén Arroxo, tenente alcalde, visitaron o posto de atención turística da praza Maior, que comezou a funcionar. Maite Ferreiro destacou a importancia deste punto, “que nos permite aumentar ano tras ano a cantidade de visitantes que reciben información turística á súa chegada a Lugo para mellorar a súa estancia na cidade”.

Durante o ano pasado, o punto de información turística atendeu en total a 42.818 persoas. Entre os visitantes que se achegaron ás distintas instalacións turísticas, destacaron os procedentes do resto de Galicia, ademais das principais zonas do estado como Madrid e Cataluña, seguidos



de Valencia, País Vasco e Andalucía. Francia, Portugal, Reino Unido e Alemaña son os países con máis turistas estranxeiros rexistrados nas estatísti-

cas municipais, onde hai rexistros de turistas de distintos países de todo o mundo. A atención no posto mantense ata finais do San Froilán.

Xunta e Concello chegan a un acordo para a permuta das parcelas do Castiñeiro

A segunda reunión entre a administración autonómica e a local deu como resultado que o Concello acepte a proposta inicial da Xunta de asinar un convenio patrimonial para a permuta das parcelas do Castiñeiro, propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Á xuntanza, na que houbo unha representación dos veciños do barrio, asistiron o delegado territorial, xunto ao director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ademais de

técnicos do IGVS, mentres que polo Concello estiveron presentes a alcaldesa e o interventor municipal.

O obxectivo da reunión centrouse, por unha banda, en definir o tipo de convenio, que a Xunta defendeu como patrimonial para axilizar ao máximo os prazos e que foi aceptado polo Concello; por outra, na necesidade de que o Concello aclare que parcelas pode poñer a disposición para levar a cabo a permuta.

Lugo Monumental propón reubicar ou regalar as flores que se retiren de Santo Domingo

Lugo Monumental rexistrou unha petición ao Concello de Lugo na que solicita que se informe aos lucenses da data exacta en que se empezarán as obras de Santo Domingo, tras as que “a praza perderá todas as – xa moi escasas – zonas verdes que ten actualmente”.

Tamén pedirá ao Concello que recolque as flores de Santo Domingo, concretamente as que hai actualmente na base do Aguiá do Bimilenario. “Dado que son plantas pagadas con diñeiro público parece que o razoable sería enclavarlas novamente noutras zonas municipais, e, no caso de que iso non sexa posible ou que o custo da devandita acción sexa elevado, pídesse que se autorice a quen o desexe a levarllas a fin de que non se perdan como pasou coas roseiras de Praza do Ferrol”.

Desde Lugo Monumental queren insistir na necesidade de manter as zonas verdes que hai actualmente no centro histórico, e piden ao goberno local “que se reformule o que consideran un grave erro, que ademais se demostra de curto percorrido tras a renaturalización que se anunciou para outras zonas como a Praza Roxa ou o barrio de Recatelo, áreas en que se fará un importante desembolso (tan só na Praza Roxa anunciouse un gasto de 1 millón de euros) para poñer algo de vexetación, algo chocante sobre todo no segundo caso, onde as obras de peonalización finalizaron recentemente”.

MONTAJE DE MUEBLES

Lito
MUDANZAS

Decoración • Reformas • Pintura
Montaje de muebles

602 417 542

EN BOAS
MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN
ACCIDENTADOS
DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA
Deportiva
Neurolóxica
Traumatólóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatólógico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

Comeza a demolición do edificio do Garañón

A empresa adjudicataria dos traballos de demolición do Garañón comezou cos traballos efectivos do derrube do edificio.

Os traballos deron comezo con anterioridade e consistiron no levantamento topográfico que permitiu á empresa organizar e planificar as tarefas, sempre en condicións de seguridade para o ámbito no que se está actuando. Aínda que estas se paralizaron durante unhas horas polo xulgado continuaron sen problema ata iniciar o propio derrube.

Demoleranse 37.796'49 metros cúbicos que equivalen a 14.868 metros cadrados de superficies construídas. Primeiro eliminaranse as fábricas de ladrillo das fachadas á vez que se quita o illamento da torre nordeste e se eliminará o material que illa



as fachadas e os teitos de forxados do bloque noroeste (de dez plantas sobre a rasante da cota máis baixa) para, seguidamente, ir eliminando os pórticos en sentido descendente, de forma progresiva.

Finalmente, a última parte será a de retirada e desentullo de todo o ma-

terial. A propia parcela se empregará para a provisión dos elementos demolidos.

Cando remate a derruba o fondo da escavación se cubrirá cunha lámina xeotextil, de maneira que non se poida filtrar ao chan ningún axente contaminante.

Adxudicada a renovación das zonas infantís do Castiñeiro

O Concello de Lugo adxudicou o contrato para proceder á renovación integral dos parques infantís sitos no Castiñeiro, que se reunifican nun só máis grande para gañar superficie, atendendo así ás peticións da veciñanza.

A Xunta de Goberno outorgaba os traballos á empresa Contenur por importe de 352.342 euros e un prazo de execución de catro meses. A intervención inclúe, ademais da ampliación da área de xogos, a creación dun novo espazo humanizado con bancos e papeleiras para a estancia dos pais e avós, co que se quere favorecer a convivencia interxeracional. Complementará a actual superficie de picnic, que se manterá, ao igual que se manterá todo o arboredo para non perder as zonas de confort. En total, ac-

tuarase nunha área de 659 metros cadrados.

No deseño se tiveron en conta, ademais das peticións dos e das usuarias, que os xogos sexan inclusivos, que permitan a socialización e adaptados para nenos e nenas con distintas capacidades.

Tres serán os elementos de xogos principais, entre eles dúas torres diferenciadas por idades, unha para os pequenos de ata 5 anos e unha segunda pensada para o goce de ata 12 anos, así como un rocódromo e unha tiroliña.

Tamén se incluírán elementos de abalo para uso individual, grupal e mesmo adaptado para o xogo inclusivo, así como asentos xiratorios con deseño especial para crianzas con trastorno do espectro autista.

Realizarán no Anexo labores de prevención ante as tormentas



A área de Deportes realizará unha intervención de emerxencia para mellorar a capacidade de evacuación de auga dos canalóns e das baixantes do Anexo. Unha actuación preventiva coa que se pretende minimizar a entrada de auga ao recinto, en caso de choivas excepcionais.

O edificio ten unhas características estruturais que fan que a auga que reborda os canalóns se filtre ao interior do recinto. Nos últimos meses, realizáronse os traballos de limpe-

za e mantemento pero a acumulación de auga da última tormenta (30 litros por metro cadrado en 20 minutos), acompañada por sariba, volveu provocar a entrada de auga. A nova actuación consiste en reforzar os canlóns e habilitar aliviadeiros para dirixir, no posible, a evacuación dos pluviais cara ao exterior do edificio.

A área de Deportes adxudicou xa renovación do parqué das pistas do Anexo, cun investimento de 320.000 euros.

Mellorarán a iluminación de San Roque e do parque de Rosalía

Aprobarase unha nova actuación de actualización na rede de alumeadado público municipal na contorna da Fonte dos Ranchos. O Goberno de Lugo renovará as luminarias das rúas Hermanitas, Río Neira, Cidade de Vigo, Pedro González López, Dinán e Praza de Breña que na actualidade empregan elementos contaminantes como Vapor de Sodio, e que pasarán a ser luminarias LED de baixo consumo e alta eficiencia. "Trátase de luminarias programables, que permitirán aumentar o aforro enerxético nas horas sen tránsito peonil nin de vehículos", explicou Rubén Arroxó.

O consumo enerxético do alumeadado desta zona reducirase en preto dun 37%, permitindo que Lugo avance na implantación dun alumeadado eficiente en toda a cidade. Arroxó lembrou que a concellería de Infraestruturas investiu, nos últimos anos, máis de 3 millóns de euros na renovación do alumeadado público, instalando lumi-

narias de baixo consumo e aplicando a perspectiva de xénero.

PARQUE ROSALÍA. O Concello de Lugo mellorará a iluminación do Parque de Rosalía e Costas do Parque con criterios de eficiencia enerxética. Así o anunciaba a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, quen enmarcou esta actuación dentro do programa Dusi - Muramiñae, cofinanciados ao 80% con Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional.

"Co fin de avanzar na conservación e coidado deste espazo, levaremos a cabo a renovación e adecuación da instalación existente, incluíndo luminarias, canalizacións, centros de mando e demais compoñentes co fin de incrementar a eficiencia enerxética da iluminación pública nos espazos que dan servizo á pista de patinaxe, á caseta de xardinería, ao mapa, ao estanque e tamén nas propias Costas do Parque, entre outras localizacións", avanzou a rexedora.

A intervención consiste, fundamentalmente, na substitución das luminarias por outras do mesmo modelo pero construídas baixo tecnoloxía LED, que necesitan menos da metade de potencia para producir o mesmo fluxo luminoso.

PAVILLÓN MUNICIPAL. As instalacións eléctricas do Pavillón Municipal dos Deportes serán renovadas co obxectivo de incrementar a súa eficiencia enerxética. Abriuse o proceso de licitación dos traballos, orzamentados en 199.998 € e que disporán de dous meses de prazo de execución.

Correxirase, así mesmo, o ángulo exposto da iluminación, pois a existente crea sombras, de forma que se recolocarán, alén, os proxectores de pista co fin de conseguir unha cobertura homoxénea. Así mesmo, respectarase, por outra banda, as liñas de acceso e os xogos de luz que permiten realizar as luminarias actuais.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

"CON POCO HACES MUCHO"



APROVECHA LA OPORTUNIDAD
SOLO HASTA FIN DE EXISTENCIAS

+ 3.000 m² AZULEJOS
PORCELÁNICOS 6€ +IVA

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

Licitan o conxunto escultórico do Parque da Lembranza

A Xunta de Goberno Local aprobou o inicio da contratación para a subministración e instalación do conxunto escultórico que presidirá o Parque da Lembranza, situado no Carme. Esta nova zona verde, posta a disposición da cidadanía lucense, ten unha destacada pegada simbólica en tanto pretende ser unha homenaxe ás vítimas da Covid-19, así como a todo o persoal que loitou en primeira liña e segue loitando contra a pandemia.

O deseño proposto está composto por dez pezas individuais de madeira -que xuntas constitúen un conxunto escultórico harmonioso- combinadas con aceiro corten, que se disporán sobre unha parte do terreo de forma ordenada para que queden todas as pezas visibles dende os distintos ángulos de observación.

As pezas figuran persoas e á vez elementos vexetais, polo que pretende poñer de manifesto o vínculo existente entre as persoas e a vida, entre o ser humano e a natureza, de forma que simulen a presenza de seres vivos en comunidade: tanto de persoas, como de masa vexetal, quedando á libre interpretación individual.

A situación destas pezas dentro do parque levarase a cabo nunha explanada coa mesma cota, o que permitirá a súa visualización dende calquera punto do entorno, ao tempo que resulta cómoda a súa contemplación dende os bancos que se dispoñen no parque. As pezas que compoñen o conxunto escultórico serán diferentes entre si, cunhas dimensións que oscilan entre os 40-80 cm de ancho e 1.80-2.00 m de altura aproximada.

Remata unha intervención na Cheda para o embelecemento

O tenente Alcalde do Concello, Rubén Arroxo, visitou o barrio da Cheda xunto coa concelleira de Participación, Cristina López e o edil de Infraestruturas, Alexandre Penas. A Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo continúa a traballar no barrio, onde se veñen de realizar dous murais a cargo de Trece Trazos, co proxecto artístico #EuSonDaCheda, "un proxecto que iniciamos desde o Concello de Lugo, e que achegará a arte urbana aos distintos barrios da cidade, poñendo en valor as zonas nas que vive máis veciñanza de todo o concello", explicou.

Arroxo lembrou que "nos últimos anos, desde a Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo traballamos no arranxo integral de diversas zonas do barrio, renovando a rúa Pousadela ata a ronda do Carme, traballando no pintado da sinalización horizon-



tal, ou co asfaltado da rúa Río Sar e outras actuacións neste barrio". As intervencións neste barrio complementan outras obras feitas en diversos barrios da cidade como Albeiros, As Gandaras ou Castelo.

Arroxo lembrou que "desde o Goberno de Lugo traballamos na atención aos distintos barrios, atendendo

ás peticións das veciñas e veciños sobre as zonas nas que desenvolven a súa vida". "As peticións da veciñanza, xunto coas visitas que realizamos por toda a cidade permítenos planificar o traballo que realizamos, buscando mellorar a calidade de vida e o benestar das veciñas e veciños", afirmou o Tenente Alcalde.

O Goberno aproba a ocupación de terras en Serra de Meira para evitar o desbordamento do Rato

O Consello de Ministros acordou a ocupación con carácter urxente dos bens e dereitos que se verán afectados polas obras para reducir o risco de inundación pola crecida do río Rato, na contorna da glorieta da rúa Serra de Meira. Segundo o convenio aprobado, as obras estarán ao cargo da Confederación Hidrográfica Miño Sil cunha execución de 650.000 euros de presuposto. A CHMS farase cargo do 75% da obra e o Concello do resto, que supón uns 162.000 euros.

Trátase dunha zona na que se producen inundacións de forma habitual

cando hai tormentas. Recentemente o río Rato desbordouse por mor dunhas intensas choivas, con sarriaba, que afectaron a toda a cidade de Lugo en maior ou menor proporción, e que deixou baixos e outras edificacións como a estación de autobuses ou o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) totalmente anegados. Desta forma, foi decretado o nivel laranxa que comezou no mediodía desa xornada cunha precipitación acumulada nunha hora de ata 30 milímetros. Ademais, activaron a alerta amarela por tormentas no sur e montaña de Lugo.

O Concello solicita fondos europeos para rehabilitar a Casa Consistorial

O Concello concorrerá á convocatoria de axudas do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Así o avanzou a rexedora, quen explicou que "a contía da axuda solicitada ascende a 2,7 millóns de euros, co obxectivo de poñer en marcha un proxecto de mellora, rehabilitación e posta en valor da Casa Consistorial, coa finalidade de modernizar o edificio, facelo máis eficiente, cómodo e totalmente accesible con fins turísticos".

A Casa do Concello foi declarada monumento histórico artístico en agosto de 1972. O edificio orixinal data

de 1573, cumpríndose, precisamente este ano, o seu 450 aniversario. Trátase dun edificio dunha destacada personalidade desde o punto de vista arquitectónico, sendo un dos máximos expoñentes do barroco civil galego. Na súa cuberta, nunha posición central, atópase a torre que alberga o reloxo, instalado en 1873 e que nesta anualidade está tamén de aniversario, cumprindo 150 anos. O edificio consta de dúas plantas onde se atopan situadas distintas dependencias municipais.

"Trátase dun inmovible que queremos que se convirta nun atractivo turístico máis da cidade", explicou a rexedora, quen lembrou que "a través do Plan Urban, déronse os primeiros pasos nesta liña, coa posta en marcha do edificio de Novas

Tecnoloxías, de uso público, anexo á Casa Consistorial, e conectado directamente polo interior a través da planta baixa".

Así, a finalidade do mesmo é poñer ao dispor, tanto da cidadanía como dos turistas que visiten a cidade, a Casa Consistorial, realizando unha serie de actuacións co fin de que sexa un punto de recepción e acollida de visitantes. "A principal zona de actuación será o patio interior, que se adecuará para convertelo nun punto de encontro desde o que se proporcione información sobre a oferta turística da cidade e os visitantes poidan coñecer os principais elementos patrimoniais, a través de dispositivos de realidade virtual e aumentada ou un sistema de vídeo mapping", explicou Méndez.

Adxudican tres parcelas no polígono das Gándaras

A Xunta adxudicou 3 parcelas, cunha superficie de 4.366 metros cadrados, a 2 empresas no polígono industrial das Gándaras por preto de 270.000 euros. No marco do concurso de venda de solo empresarial, o Goberno galego adxudicou de 57.845,08 metros cadrados en oito polígonos industriais por preto de 5,3 millóns de euros. Unha vez concluído este procedemento e ata a convocatoria do próximo concurso, Xestur poderá vender de forma directa as parcelas non adxudicadas ás empresas.



RATO. Remataron os traballos de estendido do aglomerado na estrada provincial do Rato, a LU-P-2925, no marco do proxecto que acomete a Deputación cun orzamento de 150.000€ para a mellora da vía, no tramo que vai dende o inicio ata o punto quilométrico 3,079.

RAXERIA LAXA

ESTE ARDE LVCVS PRVEBA
NVESTRA ESPECIALIDAD EN
CARNE DE VACA
PREMIUM

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO. LUGO - TEL.: 982 216 536
www.raxeriaalaxa.com

ELECCIÓN

O pacto PSOE-BNG renova na Deputación

Lograron a mesma porcentaxe de deputados que no 2019 aínda que o PP aumentou o número de votos e ten a maioría relativa

O momento máis intenso da xornada electoral estivo protagonizado polo reconto dos votos para o reparto dos deputados provinciais. Durante a práctica totalidade da noite, os votos daban a maioría ao Partido Popular de forma absoluta. Finalmente, dous erros detectados nunha mesa en Lugo e noutra en Castro de Rei deron a volta á situación deixando ao PP de novo con maioría pero a expensas da coalición PSOE e BNG.

Tanto PSOE como BNG recoñeceron o erro e confirmaron a situación, que tivo que ser revisada pola Xunta Electoral, que ao final fixo un reconto de todos os votos nulos da zona de Lugo, Sarria e Becerreá a petición do PP. Os resultados non cambiaron polo que o PP perde a maioría absoluta por unha escasa marxe. Polo tanto, a situación repítese con relación á anterior lexislatura. O PP contará con 12 deputados, o PSOE con 10 e o BNG con 3. Por partidos xudiciais tampouco haberá cambios, xa que no de Lugo o PP ten o 50% (6), o PSOE 4 e o BNG 2. Nos concellos da Mariña son 3 para o PP, 2 para o PSOE e 1 para o BNG.

Nos distritos de Vilalba, Monforte e Chantada, que teñen dous deputados cada un repártense igual, cun socialista e outro popular. Rompe o equilibrio a montaña, que só ten un deputado e que é de cor vermella. O feito de que a Deputación se manteña igual non ten que ver cos resultados xerais que se produciron ao longo da provincia.

O descenso de votos totais do PSOE


compense coa subida do BNG e o PP, e tamén coa baixada de Ciudadanos. Contamos, o partido que naceu nesta lexislatura para intentar xuntar votos suficientes para conseguir un deputado que servise de chave para formar goberno, non logrou reunir os sufraxios necesarios. No partido xudicial de Lugo foi onde o PP estivo máis preto de lograr o último deputado que necesitaba grazas ao avance que tivo a candidatura de Elena Candia en Lugo. En Chantada tamén estivo preto de levarse os dous deputados en xogo.

RESULTADOS NA PROVINCIA. O PP obtivo a maioría en 41 concellos pero non gobernará en todos xa que esa maioría non é absoluta en todos eles, xa que en 10 non a ten. Esta situación prodúcese por exemplo en Lugo, Vilalba, Viveiro, A Pastoriza, Samos ou Barreiros. Nestes casos espérase que se volvan editar os pactos de esquerdas para facerse coas diferentes alcaldías.

O PSOE ten a maioría absoluta en 17 e en 4 foi a lista máis votada e tamén dependerá de pactos.

Entre a marea de PP e PSOE tamén hai varias illas, como as do BNG, que obtivo a maioría absoluta na Pobra de Brollón e foi a lista máis votada en Muras. Tamén en Becerreá Contamos obtivo a maioría pero perdeu o control total do consistorio e Sarria Camiña volveu ser a lista máis votada. Ambos quedan pendentes tamén de posibles pactos.

A cuarta forza a nivel votos na provincia sería Contamos, con 4.589



LUGO



MONDOÑEDO



VILALBA



MONFORTE




CHANTADA



A FONSAGRADA



sufraxios. Os que quedaron fóra das corporacións na provincia foron Ciudadanos, con 1.699 votos; VOX, con 1481 e Podemos que se achegou aos mil.



PP
PSOE
BNG
Camiña
Contamos



MOBELRIAS

A túa vida ben amoblada

villamor
MUEBLES


Tfno: 982 20 08 80
www.mueblesvillamor.es

0119, N-VI (Madrid) - 0 doruño) em 806,4 - Lugo



A importancia de cada voto

O PP de Elena Candia absorbeu os sufraxios de Ciudadanos e quedou moi preto da maioría absoluta, que se lle escapou das mans por poucos votos



Unha moi escasa marxe deixou á candidata popular Elena Candia fóra do despacho principal da Alcaldía. O PP liderou o recuento en todo momento pero comezou tendo unha maioría absoluta que despois se lle escapou ao mesmo tempo que o partido perdía tamén a Deputación.

Candia fixo subir en votos moito ao Partido Popular pero non todo o que necesitaba. Gañou 2 concelleiros, a costa de Ciudadanos de Olga Louzao, que non logrou revalidar a súa representación e queda fóra da corporación seguindo o exemplo doutros moitos municipios de todo o territorio nacional.

As outras dúas forzas, que gobernaron estes últimos catro anos en coalición, non mudan resultados. O PSOE mantén os 8 que tiña e suma votos, e o BNG, que contaba

con ter máis, desta volta non puido subir. Gañou votos pero non os suficientes para ter máis representación.

Presentábanse oito candidaturas a estas eleccións e só obtiveron representación as tres principais forzas.

Tras Ciudadanos, que foi o cuarto partido máis votado, queda VOX, que se fixo co 2,28% dos sufraxios, 1.127 votos.

A coalición Podemos-Esquerda Unida quedou coa metade de votos que obtivo a formación morada no 2019 en solitario (o 1,44%, uns 710).

Tampouco logrou sumar un concelleiro a nova formación Contamos, que presentou varias listas en diferentes concellos sen moito éxito. En Lugo só lograron sumar 397 votos, o 0,8% dos sufraxios.

Finalmente, o partido indepen-



dente UCIN tampouco puido pasar do 0,33% do electorado (163 votos).

A pelexa pola Alcaldía de Lugo centrouse unicamente en tres partidos e estivo no aire ata o último momento. O PP sabía que tiña que ter a absoluta para ter posibilidades e PSOE e BNG tiñan na man a intención de revalidar o pacto de Goberno si era necesario.

O Partido Popular reclamou ta-



Lara Méndez e Rubén Arroxo, que volverán pactar para gobernar Lugo



mén ante a Xunta Electoral e procedeuse á revisión dos votos nulos na circunscrición electoral. Malia que algúns deles foron admitidos como válidos ao final, o resultado non mudou e o PP aceptou unha derrota agradoce por ter a maioría de votos.

A socialista Lara Méndez e o nacionalista Rubén Arroxo, que non acadaron os resultados de crecemento que esperaban pero que festexaron a noite electoral coma gañadores, xa iniciaron a rolda de negociacións para a seguinte lexislatura, na que terán que repartir competencias de novo, así como cargos. Dado que a representación obtida nas urnas é similar á anterior, non debería mudar moito a situación.

Pola súa banda, a candidata Elena Candia mandou unha carta aos outros dous líderes ofrecendo formar un goberno en coalición entre os tres e gobernando o partido máis votado.

Concelleiros

- ♦ María Elena Candia López (PP)
- ♦ Cristina Sanz Arias (PP)
- ♦ Enrique Rozas López (PP)
- ♦ Antonio Ameijide Osorio (PP)
- ♦ Javier Vázquez Prado (PP)
- ♦ Flora Rubinos Rois (PP)
- ♦ Silvia Colmenero Guzmán (PP)
- ♦ Ramón M. Cabarcos Rodríguez (PP)
- ♦ Agustín Gallego Vigo (PP)
- ♦ Aurora Aida Goás Castro (PP)
- ♦ Gustavo Enrique Díaz Rey (PP)
- ♦ María Mar Carballas Piñeiro (PP)
- ♦ Lara Méndez López (PSOE)
- ♦ Miguel Fernández Méndez (PSOE)
- ♦ M. Paula Alvarells Fondo (PSOE)
- ♦ Mauricio Repetto Morbán (PSOE)
- ♦ Ana M^a González Abelleira (PSOE)
- ♦ Jorge Bustos Atanasio (PSOE)
- ♦ Olga López Racamonde (PSOE)
- ♦ Ángel P. Permuy Villanueva (PSOE)
- ♦ Rubén Arroxo Fernández (BNG)
- ♦ Tareixa Antía Ferreiro Tallón (BNG)
- ♦ Alexandre Penas Roibás (BNG)
- ♦ Cristina López Fernández (BNG)
- ♦ Felipe Rivas Jorge (BNG)

Máis popular que nunca

O PP mellora resultados, xa que suma un concelleiro, o que perde o PSOE, que queda con un. O BNG seguirá unha lexislatura máis fóra da corporación

En Guntín o PP continúa a súa tendencia ascendente que vén mantendo desde 2015 e acada nestas eleccións dez dos once concelleiros que forman a corporación municipal, revalidando así unha maioría absoluta que ostenta desde 1991.

María José Gómez, que volverá ser alcaldesa deste municipio prometeu "seguir gobernando na liña na que temos traballado estes catro anos pero, se cabe, con máis experiencia".

O partido socialista, encabezado por José Antonio López, que viña de perder dous concelleiros nas

pasadas eleccións, queda, despois deste 28 de maio, coa mínima representación sendo o seu concelleiro o único da oposición. Os socialistas perderon máis de 250 votos e pasan dunha porcentaxe do 22,57 por cento a só un 9,67.

Os nacionalistas acadaron uns resultados similares ao 2019, perdendo dous votos, pero continúa sen ser suficiente para entrar no pleno municipal xa que se quedaron no 5,72% dos sufraxios, que marcan un total de 179 votos.

Co apoio das urnas, María José Gómez non terá problema para formar goberno.



María José Gómez, votando



Concelleiros

- ♦ María José Gómez Rodríguez (PP)
- ♦ Verónica Vilela Coto (PP)
- ♦ Vidal López Rodríguez (PP)
- ♦ Olga López García (PP)
- ♦ José Vázquez Barreiro (PP)
- ♦ María Teresa Estévez López (PP)
- ♦ José Luis López Fernández (PP)
- ♦ Juan Carlos López López (PP)
- ♦ Ángel Pérez Rodríguez (PP)
- ♦ José Alberto López Quiroga (PP)
- ♦ José Antonio López Varela (PSOE)

O PP absorbe a Ciudadanos

Felipe Labrada será alcalde con maioría absoluta cun espectacular aumento de votos. O PSOE cae en representación e o BNG mantense estable

O Partido Popular consegue unha gran subida no concello do Corgo, no que Felipe Labrada será de novo o alcalde pero nesta lexislatura cunha maioría absoluta importante. O PP fíxose nas pasadas eleccións do 28 de maio con oito dos once concelleiros, tres máis que nas anteriores e que lle dan o goberno en solitario. Nesta ocasión os populares obtiveron 1.450 votos, que representan o 62,71 por cento do total.

No Corgo, ao igual que en Lugo, desaparece Ciudadanos e son os populares quen absorben eses dous concelleiros e os case catrocentos votos que a agrupación laranxa obtivo nos comicios do 2019. Pola súa parte o PSOE, que repetía con Francisco Otero como cabeza de lista, vén de perder un concelleiro e case douscentos votos con respecto ás pasadas eleccións quedando a esquerda sen opcións de coalición para formar gober-



no. O BNG tamén baixou en votos acadados, pasando de 382 a 241 pero os nacionalistas conseguen manter o concelleiro e quedan igual que no 2019.

A novidade neste municipio era para Contamos Galicia Sempre, unha nova agrupación provincial que se presenta no Corgo con dúas exsocialistas Nuria Mera, como cabeza de lista, e Marta López, como número dous. Ambas concelleiras concorren nestas eleccións cos independentes pero



Felipe Labrada, que será de novo alcalde do Corgo

quedaron sen representación no Concello obtendo un total de 150 votos, un 6,48 por cento.

A abstención aumentou nestas eleccións en case tres puntos con respecto ao 2019 cun total de 736 persoas que non acudiron ás urnas e que supoñen case o 24 por cento. Os votos en branco e nulos tamén aumentaron, pero de xeito menos significativo coa abstención subindo 0.36 e 0.58 puntos respectivamente.

Concelleiros

- ◆ Felipe Labrada Reija (PP)
- ◆ Marcos Trashorras Reija (PP)
- ◆ José Luis Fernández López (PP)
- ◆ M^a Mar Gómez Gómez (PP)
- ◆ María Jesús Álvarez Fole (PP)
- ◆ Pedro Fernández Reija (PP)
- ◆ David Rodríguez Lodeiro (PP)
- ◆ Ana María Mera López (PP)
- ◆ Francisco Otero Besteiro (PSOE)
- ◆ Roberto Besteiro Queizán (PSOE)
- ◆ Pilar Bellón Candal (BNG)

Arias mantense

O PSOE de Xosé María Arias perde peso entre o electorado e mantén a maioría, pero xusta. O gran beneficiado foi o Partido Popular, que suma tres concelleiros

O Partido Socialista mantén, pola mínima, a maioría absoluta en Castroverde e Xosé María Arias continuará como alcalde para "seguir construíndo o futuro do meu pobo". Así os socialistas pasan de nove a seis concelleiros e os votos perdidos ascenden a máis de trescentos o que supón un 53,59 por cento fronte ao 72,36 acadado nas pasadas eleccións.

O PP é o gran beneficiado deste descenso do PSOE que suma tres concelleiros con respecto ao 2019, de 209 votos pasa a 553, o que lle outorga un 31 por cento do total escrutado. Para estas eleccións os populares confiaron en Pablo Figueras como cabeza de lista que manifestou o seu compromiso por "impulsar proxectos que permitan crear postos de traballo".

Pola súa parte, o BNG, renovou a súa confianza en Iria Castro, que se presentaba por segunda vez cun "proxecto capaz de construír un novo modelo, que faga revitalizar este concello e que a xente sinta



orgullo de vivir e traballar en Castroverde". Os nacionalista mantiveron os resultados das pasadas eleccións malia que perderon nove votos. Iria Castro continuará a ser concelleira na corporación municipal.


En Castroverde a abstención baixou máis de catro puntos quedando nun 21,84 por cento a poboación que decidiu non exercer o dereito a voto o pasado 28 de maio. Os votos en branco, menos que no 2019, supuxeron un total de 18 mentres que os nulos, que ascenderon, foron un total de 21.

Concelleiros

- ◆ Xosé M^a Arias Fernández (PSOE)
- ◆ María Pilar Ferreiro Villar (PSOE)
- ◆ Alberto Castro Sal (PSOE)
- ◆ Remigio Lence Pallín (PSOE)
- ◆ María Luisa Freire Cordero (PSOE)
- ◆ David Boudón Méndez (PSOE)
- ◆ Pablo Figueiras Reguera (PP)
- ◆ Ricardo A. Díaz Fernández (PP)
- ◆ José Manuel Rey Vázquez (PP)
- ◆ Óscar Pérez Cascudo (PP)
- ◆ Iria Castro Fernández (BNG)



Xosé María Arias



Las indicaciones aprobadas para la terapia PEMF y la terapia LLLT son definidas por los aplicadores.

- Dificultades de cicatrización.
- Enfermedades degenerativas del sistema musculoesquelético.
- Polineuropatía como resultado de la diabetes mellitus o después del tratamiento del cáncer.
- Fatiga crónica, por ejemplo, en relación con el estrés crónico o la esclerosis múltiple.
- Dolor agudo y crónico.
- Influencia positiva en la inflamación (acné común).
- Reduce la aparición de arrugas y líneas finas, mejora el aspecto de la piel.
- Favorece la curación de heridas.
- Infiuye positivamente en las inflamaciones.
- Infiuye positivamente en los músculos y las articulaciones.



PRUÉBALA EN

Verxel
HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es www.verxel.es

Balado mantén o bastón

O alcalde de Castro de Rei aumenta a maioría absoluta para o Partido Popular sen problemas mentres o PSOE perde un concelleiro e o BNG mantense

Castro de Rei seguirá sendo máis popular. Así o dixeron as urnas, onde o electorado foi fiel a Francisco Balado, que mantén o volume de votos e incluso incrementa un pouco a porcentaxe, que é do 65,5%. Sen embargo, este foi un dos concellos onde a Xunta Electoral tivo que pronunciarse xa que un erro na transcripción de datos deu máis votos ao BNG dos que lle correspondían e o PP mantiña a representación.

Ao revisar todo a última hora da noite electoral déronse conta do erro e aplicando a lei os datos deixaron ao PP como gañador cun concelleiro máis, que foi o que perdeu o PP e o BNG mantén o único representante que tiña.

O erro aconteceu nunha mesa en Ponte de Outeiro, onde votan veciños de Pacios e Bazar. A confusión foi cun lote de 24 votos que realmente tiña o BNG e se lle atribuíron ao PSOE e os 140 que eran socialistas. Arraxado o erro,



e facendo unha comparativa, o PP segue subindo, no en votos absolutos pero si en porcentaxe. O PSOE caeu un pouco, por medio cento de sufraxios, e o descenso do BNG chega ata os cen votos. Desde que Francisco Balado se presentou aos comicios no 2011 leva encadeando vitorias cunha importante vantaxe sobre o resto e isto vai continuar catro anos


Concelleiros

- ◆ Francisco J. Balado Teijeiro (PP)
- ◆ Roberto Lorenzo Fernández (PP)
- ◆ Víctor Carrera Puente (PP)
- ◆ Laura Campo Fernández (PP)
- ◆ María Josefa López López (PP)
- ◆ José Rielo Losada (PP)
- ◆ José Luis García Barja (PP)
- ◆ Marisol Gigán Díaz (PP)
- ◆ María Edita Sinde Basanta (PP)
- ◆ Alba Sinde Paz (PSOE)
- ◆ José Luis Castro Tellado (PSOE)
- ◆ María Josefa Folgueira Lage (PSOE)
- ◆ Olga García Portela (BNG)

máis. O futuro alcalde avanzou como principais liñas programáticas impulsar a creación de máis solo industrial no parque de Castro Ribeiras de Lea e o incremento da participación en plans integrados de emprego, aumentando con elo a elevada cifra acadada neste mandato de persoas empregadas nas industrias asentadas.



Francisco Balado, diante da casa consistorial de Castro de Rei



Nova alcaldesa do PP

Remedios González Cabarcos fíxose coa maioría absoluta o domingo 28 e rematou co goberno independente de 16 anos de Francisco Fernández Montes

A marea de votos populares tamén chegou a Rábade e cambiou moito o conto. Tras 16 anos de Francisco Xosé Fernández Montes, o PP logra recuperar a Alcaldía da localidade logo de conseguir a maioría absoluta, un proceso que comezou no ano 2015, cando superou en votos aos independentes. Sen embargo, sempre quedou preto da maioría sen conseguilo e nesta ocasión así foi por moi poucos votos.

Tivo moito máis mérito a vitoria popular se se mira o feito de que se presentaron ata cinco listas para competir polos 9 asentos en liza. O PP chegou ata o 48,15% dos sufraxios mentres que os Independentes baixaron do 36,7 ao 32,87%. Nesta mesma caída estivo o PSOE. O único concelleiro electo, Alejandro Martínez, volveu atopar respaldo suficiente pero non volverá revalidar a alianza con IR e tamén caeu en votos, do 15 ao 11 %". Os outros dous partidos non obtiveron representación. Por exem-

plo, o BNG obtivo un pequeno respaldo, 57 votos, para a candidatura de José Sangiao, a metade dos que tiveron os socialistas. Mentres que VOX só reuniu 10 votos, e iso que Miguel Pardiñas levaba 9 persoas na lista. Cunha elevada abstención para a localidade, Rábade contará a partir de agora cunha alcaldesa, Remedios González Cabarcos, que xa se presentara anteriormente e que fixo unha intensa campaña co apoio dos principais dirixentes do seu partido. Neste sentido afirma que desde o grupo popular "haberá un compromiso de traballo e un inmenso esforzo por facer de Rábade unha referencia provincial en todos os sectores xa que ten o potencial para selo". Entre a multitude de ideas do proxecto da actual voceira está a de investir en chan industrial "para atraer empresas e fomentar o emprego entre os veciños para evitar o éxodo a outras cidades".



Concelleiros

- ◆ Remedios González Cabarcos (PP)
- ◆ María Pilar Dapena González (PP)
- ◆ José Luis Novo Teijeiro (PP)
- ◆ María Sandra Novo Penas (PP)
- ◆ Carlos R. González Cabarcos (PP)
- ◆ Francisco X Fernández Montes (IR)
- ◆ Ángel Manuel Lage García (IR)
- ◆ María José de Arriba Redondo (IR)
- ◆ Alejandro Martínez Campos (PSOE)



Remedios González, que será a nova alcaldesa, diante da ponte de Rábade



Continúa o bipartidismo

Os populares de Pablo Rivas gañan un concelleiro e os independentes non logran a representación que buscaban para poder ser chave de goberno

Portomarín mantén o bipartidismo pero muda os seus resultados tras dúas eleccións nas que PP e PSOE se repartiron os concelleiros do mesmo xeito. Tanto no 2015 coma no 2019 os populares obtiveron a maioría absoluta pola mínima con cinco concelleiros fronte aos catro acadados polos socialistas.

Nesta cita coas urnas a lista liderada por Pablo Rivas ampliou a súa vantaxe sobre o PSOE conseguindo un concelleiro máis e quedando cun total de seis, polo que volverá ser alcalde durante esta legislatura. Malia que o número de votos é menor con respecto aos anteriores comicios, pasando de 632 a 619, o descenso da po-boación supón un aumento na



porcentaxe conseguindo o PP o 58,23% dos votos o pasado 28 de maio.

Os socialistas, que buscaban ampliar a súa representación na corporación, volveron confiar en Marcos Arias pero a perda de

Concelleiros

- ◆ Pablo Rivas Folgueira (PP)
- ◆ Javier Rodríguez Vázquez (PP)
- ◆ José Manuel López González (PP)
- ◆ Ana Isabel Rivera Fente (PP)
- ◆ Víctor Manuel Vidal Martínez (PP)
- ◆ Silvia Rodríguez Conde (PP)
- ◆ Marcos Arias Rodríguez (PSOE)
- ◆ Tania Rodríguez Rodríguez (PSOE)
- ◆ Sergio Vázquez González (PSOE)

case cen votos fixo migrar un concelleiro en favor dos populares. Un 40 por cento dos votantes confiaron no PSOE nas eleccións do 2019 fronte ao 34,05 por cento que o fixo nestes comicios. O BNG, que nas pasadas eleccións non acadou representación



e conseguiu 26 votos, non presentou lista para estes comicios, quen si o fixo foi Terras de Portomarín, integrada dentro da plataforma Interior Galego Vivo. Con Roberto Rodríguez á cabeza os independentes conseguiron 70 votos que corresponde o 6,58 por cento dos sufraxios.

Só 163 persoas non acudiron á cita coas urnas, unha abstención máis baixa que a media da provincia, e representando o 13,20 por cento dos electores; os votos nulos e en branco tamén foron pouco representativos sendo un total de 8 e 12 respectivamente.



Pablo Rivas dando un mitin

A maioría de Rodríguez Ónega

O alcalde socialista revalida a superioridade nos sufraxios pero perde un concelleiro en favor dun PP totalmente renovado, que medrou en 37 votos

Lino Rodríguez Ónega mantén o seu posto de alcalde de Pol recollendo unha nova e importante maioría para os socialistas da provincia. Lino chegou ao Concello no ano 2007 e levaba crecendo desde aquela data. Nesta ocasión perde un concelleiro en favor dun Partido Popular renovado.

Malia a baixada, Lino Rodríguez acaprou o 61,78 % dos sufraxios, un total de 705. Perdeu máis de 130 votos, mentres que os populares só necesitaron gañar 37 para arrebatarlle ao PSOE o seu segundo concelleiro. No resto de datos moita estabilidade. A abstención é baixa e practicamente igual ao 2019, o 17,13%.

Ademais de crecer o voto popular en forma dun segundo concelleiro, o BNG tamén subiu en votos, outros 40, pero queda coa mesma representación na corporación.

Deste modo, Pol repetirá rexedor por cuarta legislatura consecutiva de cor vermella e cun alcalde que tamén foi deputado.

Entre os proxectos máis inmediatos que anunciou que levará a cabo nos próximos catro anos figura levar a auga a Torneiros e a remodelación da reitoral na parroquia de Suegos, sobre a que xa existe proxecto e fi-



Concelleiros

- ◆ Lino Rodríguez Ónega (PSOE)
- ◆ José Luis Ramudo Andiñón (PSOE)
- ◆ Marina Ramudo Graña (PSOE)
- ◆ Ana Belén Seco Morado (PSOE)
- ◆ Sonia Cervantes Rivas (PSOE)
- ◆ César Valiña Irimia (PSOE)
- ◆ Nicole Grueira Fernández (PP)
- ◆ Enrique Rodríguez Rodríguez (PP)
- ◆ Branca Fernández Martínez (BNG)

nanciamento.

No banco da oposición popular sentarase unha moi moza activista política, Nicole Grueira.

Aos seus 21 anos é estudante de Ciencia Política e da Administración e foi a primeira candidata nada neste século que se presentou. Estará

acompañada por Enrique Rodríguez, enxeñeiro forestal e funcionario de carreira desde o ano 2003 do corpo de enxeñeiros forestais da Xunta. Tamén haberá cambios polo BNG xa que ocupará o único asento nacionalista a cabeza de lista, Branca Fernández Martínez, veciña de Mosteiro e mestra.



Candidatura socialista de Pol xunto a Tomé e a deputada García Porto

¡YA PUEDES RESERVAR TUS LIBROS DE TEXTO PARA EL PRÓXIMO CURSO!
Admitimos vales de la administración

Librería Troll

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T.F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Un bastión do PP máis forte


José Ángel Santos convértese nun dos alcaldes con máis respaldo popular de Galicia, xa que obtivo o 83,7% dos votos. A praza restante será para o PSOE

José Ángel Santos volveu arrasar nas urnas un ano máis e obtivo 10 dos 11 concelleiros da Corporación, unha maioría consistente que amosa o gran respaldo popular que ten o alcalde, que inicia este ano a súa terceira lexislatura. Na oposición, finalmente será o PSOE o que se leve o asento restante, que nun principio na primeira rolda do recuento atribuíuse ao BNG coa súa novísima Ada Blanco á fronte, unha das candidatas máis novas de Galicia.

Continúa polo tanto o PSOE na corporación, da man de Ana María Pardo, que se presentou por primeira vez este ano.

O alcalde en funcións repite resultados con respecto ao ano anterior pero durante os primeiros minutos estivo coa totalidade dos asentos no seu haber. Finalmente quedaría co 83,70% dos votos nunha xornada con pouca abstención, que estivo preto do 15%.

A pelexa estivo no concelleiro que quedaba. PSOE e BNG tiveron



unha ampla disputa polo mesmo que ao final quedou solucionada por unha diferenza de 12 votos. Foi o grupo socialista o que se levou o último asento deixando de novo fóra da corporación ao BNG, que non obtén representación desde 2011.

A continuidade do equipo de Goberno do PP está polo tanto garantida, partido que se mantén no poder desde 1991.

O actual alcalde de Friol, José Ángel Santos, nado nesta localidade no ano 1980 e veciño da parro-

quia de Nodar, é técnico capataz agrícola, gandeiro de profesión e titular dunha explotación de produción de leite. "Prometemos unha xestión na mesma liña do que estamos a facer nos últimos anos, pois vemos que está a dar bos resultados para o noso pobo", dixo.

A candidata socialista quere traballar "para que os nosos fillos se queden aquí e iso ten que facerse tendo todas as comodidades a vantaxes en transportes, en comunicacións".



O alcalde de Friol, José Ángel Santos



Concelleiros

- ♦ José Ángel Santos Sánchez (PP)
- ♦ María Ángeles Buján Burgo (PP)
- ♦ Enrique Barreiro Sánchez (PP)
- ♦ Jesús Julio Cortiña López (PP)
- ♦ Nuria Vázquez Argerey (PP)
- ♦ Felipe Barata Villapol (PP)
- ♦ Juan Carlos Casal Pena (PP)
- ♦ María Ángeles P. López López (PP)
- ♦ Juan Ramón Varela López (PP)
- ♦ Nerea Campo Fariñas (PP)
- ♦ Ana María Pardo Lorenzo (PSOE)

Sen cambios para Pardo


O alcalde mantén a súa clara maioría absoluta de 9 concelleiros, a mesma que tiña no 2019, e o BNG segue a ser a forza da oposición máis votada con 3

Nada cambiou en Outeiro de Rei nestes comicios municipais. O alcalde da localidade, o popular José Pardo Lombao, mantén a súa maioría absoluta coa mesma porcentaxe que no 2019 e no resto de partidos non muda tampouco a cousa.

De feito, seguen tamén os mesmos cabeza de lista que en anteriores comicios.

Así, Outeiro de Rei destacou por unha máis alta abstención, dato que se ve máis pronunciado en concellos máis poboados. Presentáronse novamente catro partidos e IDOR volveu quedar fóra con 195 votos e o 5,88% do escrutinio. A proposta de Pardo Lombao foi a máis votada, levándose o 60%.

José Pardo Lombao, gandeiro de profesión, incorporouse á actividade política en 1983 como concelleiro polo PPdeG e en 1998 foi elixido alcalde en substitución de Antonio Varela Rodríguez. Nas eleccións municipais de 1999 encabezou a



candidatura do PPdeG e foi elixido alcalde con maioría absoluta. Continuou neste posto nas sucesivas convocatorias electorais, sempre con maioría absoluta, crecendo sempre ata o de agora. De feito, apañou moitos dos votos dos outros grupos que este ano non se presentaron, Ciudadanos e FLI.

A responsabilidade principal de frear o avance do PP estivo na man do BNG. Xosé Ferreiro foi o candidato dos nacionalistas nas últimas lexislaturas.

Mentres que a piques estivo Pardo

de chegar aos 2.000 sufraxios, os nacionalistas subiron e baixaron os socialistas de Carmen Acacio, outra candidata tradicional na localidade. Tamén aumentou lixeiramente o número de votos de IDOR, únicos independentes, que lidera José Manuel López Castro

Para o alcalde, o principal reto é seguir traballando na mesma liña e rematar proxectos en marcha como o centro BTT de Santa Isabel ou as melloras no abastecemento de auga. Quere tamén facer unha depuradora de augas residuais.



José Pardo Lombao, alcalde de Outeiro de Rei desde 1998



Concelleiros

- ♦ José Pardo Lombao (PP)
- ♦ María Begoña Seco Varela (PP)
- ♦ José Yebra Amorín (PP)
- ♦ Pilar Méndez Lombao (PP)
- ♦ Jesús Fernández García (PP)
- ♦ María José Martínez Vigo (PP)
- ♦ Fermín López González (PP)
- ♦ Tania Díaz Seijas (PP)
- ♦ Luis Alfonso Trigo Fernández (PP)
- ♦ Xosé Ferreiro Fernández (BNG)
- ♦ Elvira Lombao Vila (BNG)
- ♦ Miguel Vieito Villar (BNG)
- ♦ M^a Carmen Acacio López (PSOE)

DEPUTACIÓN

Invisten 2,1 millóns na mellora de servizos e infraestruturas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investimentos por un importe que supera os 2,1M€ para a dotación e mellora de servizos públicos e infraestruturas dos veciños e veciñas da provincia, así como o apoio ao sector primario, a través da colaboración cos concellos e co tecido asociativo.

Por unha banda, saíu adiante a licitación das obras para a instalación do alumeadado e a renovación das redes de abastecemento e saneamento da estrada provincial LU-P-4401 ao seu paso polo centro urbano da Pastoriza. Estes traballos contan cun investimento provincial de preto de 340.000€.

A Deputación destinará ao Concello de Meira practicamente 134.000€ para a construción da cuberta da pista de pádel da localidade e 115.000€ ao Concello de Ribeira de Piquín para acometer as obras de humanización e mellora do espazo público contiguo ó Centro de Día e á escola vella en Chao de Pousadoiro.

Gracias á cooperación económica da institución provincial por preto de 100.000€, o Concello de Pedrafita do Cebreiro poderá mellorar a rede de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; e a seguridade viaria dos accesos ó mercado municipal; ademais de adquirir unha parcela urbana na Avenida de Castela e un equipamento para bombeo de auga en Liñares. Rivera Capón informou así mesmo da aprobación dun acordo co Concello de Trabada a través do que a Deputación aporta 115.000€ para a construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo

do municipio, actuacións de mellora neste mesmo espazo deportivo e a renovación dos servizos da rúa Joaquín Velasco.

Negueira de Muñiz recibirá practicamente 90.400€ de fondos provinciais para mellorar a vía municipal de Carballín a Bustelo.

Por outra banda, a Deputación destinará a Ribas de Sil un investimento de 115.000€ para a adquisición dun edificio na Praza do Ladrillo en San Clodio, a construción dun equipamento municipal para os vehículos do servizo de Medio Ambiente e a pavimentación de vías no núcleo de Nogueira.

O Concello de Ribadeo dispoñerá de 215.000€ para acometer a renovación do pavimento e a dotación de servizos na rúa Manuela Barreiro Pico, afirmou o Deputado, quen tamén explicou que o Concello do Valadouro contará cun investimento de case 100.000€ para acondicionar un aparcamento de autocaravanas, mellorar un camiño en Esteleiro, a pavimentación de accesos a Cabezán e a implementación da Rede LoRa, unha tecnoloxía para mellorar a conectividade no municipio.

CULTURA. Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno deu luz verde á achega de 15.000€ para a organización do evento Música Tradicional no Val e, tamén no Valadouro, a mesma cantidade, 15.000€, para a celebración da actividade Febreiro'23: Mes Gandeiro no Valadouro.

Así mesmo, a Deputación colaborará con 40.000€ na celebración do Esmorga Fest e con 15.000€ para o

Festival Vrao, no concello de Foz. Tamén relacionado coa cultura, o Concello de Muras recibirá 31.700€ da Deputación para a celebración da sétima Romaxe Artesá da Chaira, que terá lugar esta fin de semana, e a Homenaxe a Antía Cal.

SECTOR PRIMARIO. Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno aprobou colaborar coa Asociación Hijas del Divino Celo Rogacionistas, de Burela, cunha achega de 25.000€ para acometer o acondicionamento, reforma e equipamento dunhas vivendas para dotar á localidade e ao conxunto da Mariña dun espazo para emerxencia social.

Aprobou tamén colaboracións económicas con catro entidades que traballan neste eido. Así, a Sociedade Cooperativa A Carqueixa recibirá 16.000€ para sufragar os gastos da actividade Da granxa ao comedor. A Asociación de Criadores e Criadoras de Ovino e Caprino de Galicia (OVI-CA) contará cun apoio de 22.000€; a Federación Rural Galega (FRUGA), con 39.500€ para un programa de actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos Viños da Indicación Xeográfica Protexida Terras do Navia; e a Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta, 18.500€ para sufragar os gastos derivados do programa para implementar a garantía de orixe dos produtos de Porco Celta.

Tamén aprobou a licitación do servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do río Rato por case 282.000€ e 24 meses, con opción de dúas prórrogas.



Renovado o convenio con Acruga para a recría de xatas

A Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega renovou o convenio que mantén coa Deputación de Lugo para a recría de animais puros na granxa Gayoso Castro. A institución provincial destinará 172.000 euros ao ano, durante as anualidades deste 2023, e de 2024, 2025 e 2026, co obxectivo de seguir apoiando á raza autóctona de carne. Este convenio tamén supón unha importante axuda para os gandeiros de raza rubia, aos que a asociación compra as xatas de poucos meses destinadas ao centro de recría da Deputación para, unha vez preñadas, ofrece-las en poxas aos gandeiros que se incorporan á raza ou aos que precisan de máis animais de calidade para a súa explotación. No últimos catro anos adquiríronse desta forma un total de 360 animais de alto valor xenético a criadores de Acruga.

A recentemente acordada renovación supón seguir un camiño que

comezou en 2007 coa firma do primeiro convenio, cando o centro de recría de Castro Ribeiras de Lea comezaba o seu funcionamento cun rabaño pequeno. Desde entón, con altibaixos debidos sobre todo a inmobilizacións do gando por probas de saneamento, a actividade na granxa e a venda de animais en poxas foron constantes, máis se se compara coas vendas e a evolución dos prezos doutras razas de carne a nivel nacional.

A colaboración entre Deputación e Acruga para formar ese denominado rabaño de elite comezou coa celebración de cinco ou seis poxas ao ano, mentres que nos últimos anos foron moitos os concellos da provincia lucense e tamén algún do resto de Galicia os que solicitaron este tipo de poxas coas que dar resposta á forte demanda.

Durante estes anos, non só aumentou o número de poxas celebradas cada ano, senón os prezos medios dos exemplares.

Achega á APEHL para a promoción turística e gastronómica

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, vén de asinar no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración co presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo (APEHL), Cheché Real, a través do cal a institución provincial achega 40.000€ ao colectivo para levar a cabo diferentes accións na promoción turística e gastronómica da provincia.

García Porto enmarcou este novo apoio coa APEHL “na colaboración permanente da institución provincial cos sectores produtivos, máis

concretamente cos estratéxicos, como é o caso do de servizos, que supón unha fonte de riqueza e de emprego moi importante para a provincia”. Asegurou que o traballo en común entre as administracións e o sector “é fundamental para aproveitar todo o potencial turístico que ten Lugo, apostando conxuntamente por un modelo de turismo sostible, de experiencias, que pon en valor o patrimonio histórico e cultural, e con capacidade para atraer visitantes durante todo o ano”.

Entre as accións que o colectivo leva-

rá a cabo coa achega da institución provincial está a promoción e difusión da marca ...E para comer Lugo, un lema que fai referencia a unha das grandes excelencias da provincia como é a súa gastronomía.

O colectivo ofrece a través desta marca, que conta coa súa propia páxina web e redes sociais, información turística de interese para o visitante e unha ampla oferta de establecementos de hostalería e de aloxamentos turísticos da provincia. Así mesmo, estes fondos permitirán á Asociación desenvolver un curso de especialización en enoturismo.

AO NOSO CARÓN

castro de rei

EN BREVE

FESTA DOS NENOS. Xa están preparando para o domingo día 18 de xuño a Festa do día dos Nenos, que este ano será en Castro de Rei e na que os máis cativos e os rapaces poderán desfrutar, como xa é tradicional nesta celebración, de xogos e outras actividades. O horario da festa será dende as 16.00 h ata as 19.00 h na carballeira ou, se o tempo non o permite, no pavillón do CEIP Ramón Falcón. Están previstas actividades de inchables, maquillaxe, globoflexia e tiro con arco, todas elas de balde e sen inscrición previa.


RESIDUOS. Castro de Rei procederá o día 14 de xuño á recollida de enseres domésticos voluminosos porta por porta. Os interesados no servizo deberán chamar previamente ó teléfono 982 314 034 para informar dos enseres a recoller indicando nome, dirección e teléfono de contacto. A recollida realizarase a partir das 8.00 horas de forma domiciliar, debendo estar depositados os enseres en lugares accesibles para a súa carga co camión pluma. Os camiós non entran nas fincas, polo que deben deixarse os enseres na pista de acceso ou preto do contedor correspondente.

O rural contra o cancro

Médicos de Castro Ribeiras de Lea reciben un premio por un estudo

Abordaxe poboacional mediante estratexias de prevención primaria e secundaria de cancro no ámbito rural é o título do proxecto que foi recoñecido co primeiro accésit da II Bolsa de Medicina Rural concedida pola Asociación de Médicos Rurais (Aomega) e a Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia (SEMG) e que se queda na Terra Chá. Os seus autores, os doutores Carlota Bugallo, Brais Miguel García e a residente de terceiro ano Sonia Muinelo, poñerán en marcha na Unidade de Atención Primaria (UAP) de Castro Ribeiras de Lea co obxectivo de “coñecer o mapa de situación da poboación con respecto á enfermidade”.

Os autores explican que a súa iniciativa consiste en coñecer a afectación de cancro na poboación desta área rural, de ao redor duns 6.000 habitantes, realizando un mapeo da mesma, para, a continuación, poder utilizar todas as estratexias de prevención primaria e secundaria das que dispoñemos neste ámbito. O seu principal punto forte, e o máis visible para os pacientes, “probable-



mente sexa a realización de talleres de hábitos saudables e prevención de factores de risco cardiovascular, así como a captación precoz e activa, pola nosa banda, en caso dalgún signo ou síntoma de alarma que doutra forma quizais demoraría a consulta e por tanto o diagnóstico desta enfermidade”, explican os médicos que o levarán a cabo.

A xustificación da posta en marcha deste tipo de proxectos no medio rural vén dada, segundo os impulsores, “porque a poboación rural, cada vez máis envellecida e dispersa, necesita das mesmas oportunidades e recursos en canto a saúde, que aquela que vive en zonas urbanas e ten maior

acceso aos servizos. É por iso, que debemos ser máis proactivos nestas zonas. A nosa sensación é que a Administración non fomenta para nada que este tipo de proxectos pódanse levar a cabo en Atención Primaria e moito menos en zonas rurais”.

A situación actual na que se atopa a Atención Primaria tampouco axuda. “O tempo que os facultativos poden dedicar a realizar proxectos de investigación vese cada vez máis reducido polas esixencias asistenciais, o déficit de médicos e os contratos temporais, que fan moi difícil poder adaptarse e coñecer profundamente unha cota de pacientes”, apuntan os autores do proxecto.

O campamento de verán contará con tres quendas

O Concello de Castro de Rei celebrará no mes de xullo tres campamentos de verán repartidos entre a capitalidade e Castro Ribeiras de Lea. Volve o campamento urbano en tres quendas para rapaces de 3 a 14 anos. Así, a primeira será do 1 ao 15 de xullo, outra do 16 ao 30 do mesmo mes e rematarán do 16 ao 31 de agosto.

Esta actividade terá un horario de 9.30 a 14.00 horas con servizo de madrugadores desde as 8.30 horas. As xornadas desenvolveranse nas instalacións do centro sociocultural Xosé Manuel Carballo e no pavillón deportivo municipal de Castro Ribeiras de Lea.

No campamento desenvolveranse actividades de deporte, animación, contacontos e animación á lectura, obradoiros, educación ambiental, excursión ao Aquapark de Cerceda, etc.

As inscricións poden facerse a través dos formularios que se descargan na web do Concello, www.castrodereigal.es, e entregarse por rexistro. Ofrecerán información no teléfono 982 804 773.

friol

Abrirá a tempada de verán no Club Fluvial friolés o 17 de xuño

As piscina municipais de Friol, situadas nun remodelado Club Fluvial, adiantan a súa apertura axudadas polo bo tempo e a demanda popular.

Así, comezarán a tempada o próximo 17 de xuño e manteranse en activo ata o 17 de setembro.

O horario será tamén moi amplo, xa que estarán activas de luns a venres de 14.00 a 20.00 horas e as fins de semana e días festivos este amplíase de 12.00 a 21.00 horas.

Novamente este servizo contará con prezos populares. Así, a entrada diaria para os menores de 5 anos será de balde e para os que teñan entre 6 e 14 anos custará 1 euro. Para maiores de 14 sobe ata os 3 euros.

Así mesmo, o Concello de Friol pon á disposición dos veciños os abonos de tempada completa, que teñen un prezo de 15 euros para usar de xeito individual e de 30 euros para familias. Esta aplícase para parellas con fillos menores de idade



que residan no mesmo concello. O verán pasado estreáronse as novas instalacións do Club Fluvial, que foron reformadas tras 40 anos sen cambios. As obras consistiron na renovación integral da edificación do edificio central ademais das dúas piscinas exteriores, unha de adultos e outra infantil, que ten o recinto. Tamén se executaron tra-

ballos de urbanización e a creación de espazos axardinados. Por outra banda, a previsión é continuar coa urbanización de parte da contorna da praia fluvial, localizada nunha das marxes do río Narla coa renovación do paseo e a construción dunha ponte sobre o río. Tamén se fixo a mellora da pista de tenis.

o corgo

Andarela organiza unha excursión a Lourdes en xuño

A asociación Andarela do Corgo organiza unha excursión a Lourdes para os días 15, 16, 17 e 18 de xuño do 2023. O primeiro día realizarase a viaxe ata Zaragoza para visitar o teatro romano, o palacio da Aljafería, a Basílica do Pilar, a Ponte de pedra e igrexas de estilo Mozárabe.

O segundo día será a chegada a Canfranc onde se visitará a antiga estación de tren e as Covas de Bétharram

ademais da viaxe a Lourdes.

Alí, os asistentes á excursión poderán visitar a Gruta das revelacións, a Basílica da Inmaculada Concepción, o Santuario da Nosa Señora de Lourdes, a Casa de Bernadette, o Castillo de Lourdes e acudir á Procesión nocturna das antorchas.

O último día realizarase a viaxe de regreso con parada en Vitoria para visitar o casco histórico.

Nova edición do mercado de cousas usadas o día 11

O domingo 11 a asociación Os cinco ríos organiza unha nova edición do mercado de cousas usadas, que se celebrará xunto a cámara agraria a partir das 10.00. Nesta ocasión o mercadillo contará cunha exposición de coches de rally de pilotos do Corgo coa presenza de Pedro Reija, Luis Sanfiz, Adrián Fernández, David Ja-

cob e Iago Álvarez. Ás 13.30 haberá un sorteo dunha cesta donada polo Café Andaina e repartiranse rifas gratias. As persoas interesadas en levar algo para vender deberán inscribirse a través do teléfonos 686 625 657 (Chousa), 670 833 909 (Manolo) ou 648 063 894 (Mari Carmen). Durante a xornada haberá postos de polbo.

portomarín

Comeza a campaña para protexer a peóns e ciclistas no Camiño

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, fixo un chamamento en Portomarín a extremar as precaucións dos peóns e ciclistas que transitan polas estradas da provincia durante o Camiño de Santiago co fin de garantir a seguridade viaria. Isabel Rodríguez, acompañada do director da Xefatura Provincial de Tráfico, Ángel Álvarez, e axentes da Agrupación de Tráfico da Garda Civil, participou esta mañá na acción de concienciación levada a cabo polo Goberno na LU-633, ao seu paso polo municipio de Portomarín, coa que se repartiron a peregrinos chalecos reflectantes e folletos informativos para lembrar a quen circule en bicicleta ou a pé a importancia de facerse visibles en todo momento para os demais usuarios da vía.

A subdelegada salientou a importancia desta iniciativa na provincia de Lugo pola que transcorren tres rutas xacobeas declaradas Patrimonio Mundial da Humanidade: o Camiño do Norte, o Camiño Primitivo e o Camiño Francés. "Polas estradas lucenses circulan anualmente máis de 250.000 peregrinos, polo que non pararemos de traballar para o uso adecuado das vías tanto por parte dos usuarios vulnerables



como do resto de condutores, xunto coa aplicación de factores preventivos e o respecto ás normas de tráfico, pois son os mellores aliados para evitar sinistros viarios e as súas consecuencias", remarcou.

Así mesmo, Isabel Rodríguez explicou que se fai coincidir esta actuación coa véspera do Día Mundial da Bicicleta, declarado pola Organización das Nacións Unidas (ONU), para chamar a atención sobre os beneficios deste medio de transporte, simple, alcanzable, saudable e ambientalmente sostible.

Durante 2022, contabilizáronse 17 sinistros con vítimas nos que se viron involucrados ciclistas (2 deles con feridos hospitalizados e o resto

de menor consideración), así como 11 atropelos (1 mortal, 3 con feridos hospitalizados e o resto non hospitalizados).

Nos accidentes de bicicleta a causa principal foi non respectar un dos vehículos a prioridade do outro. Polo menos o ano pasado na provincia, na maioría das ocasións non foi o ciclista quen realizou a manobra incorrecta. Pero tamén chamaron a atención 2 caídas debidas a atoparse o ciclista baixo os efectos do alcol, polo que hai que lembrar que tamén está prohibido e é sancionable —ademais de moi perigoso— circular en bicicleta cunha taxa superior a 0,25 mg/l de alcol en aire expirado.

guntín

Licitan a restauración da igrexa do mosteiro de Ferreira de Pallares



A Xunta de Galicia vén de sacar a licitación a restauración da igrexa do mosteiro de Ferreira de Pallares, no concello lugués de Guntín, por un importe superior aos 600.000€. A actuación, que busca resolver as diferentes patoloxías que afectan á conservación, iniciou no día de hoxe o proceso administrativo coa publicación na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

Así, co obxectivo de garantir a conservación do ben e evitar o seu deterioro, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades pon en marcha estes traballos destinados a resolver os problemas de estanquidade na cuberta, de conservación na estrutura e de deterioro nos elementos de madeira do coro. Ademais, tamén se repararán as

carpinterías en mal estado, os elementos escultóricos singulares da fachada e os enreixados metálicos da Capela dos Taboada con problemas estruturais.

Para completar o proxecto, renovarase a instalación eléctrica que estea obsoleta ou en malas condicións e resolveranse os problemas de humidade, colonizacións biolóxicas e sucidade nas fachadas e paramentos interiores.

Para levar a cabo esta actuación, que conta cun prazo de execución de 11 meses, a Consellería de Cultura asinou un convenio de colaboración coa Diocese de Lugo para a posta a disposición do Goberno galego os terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación.

castroverde

Venda de parcelas no polígono

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou a venda dunha nova parcela do polígono industrial de Chantada e dúas do de Castroverde, ambos xestionados pola institución provincial unha vez extinguida Suplusa. No polígono, das 49 parcelas das que dispón, 35 xa foron vendidas e 9 están en reserva.

Barredo celebra as súas festas

A parroquia de Barredo, en Castroverde, celebra as súas festas na honra a San Antonio o vindeiro sábado 10 de xuño. As celebracións darán comezo ás 13.00 cunha misa e procesión que contará coa actuación de Toxo Queimado. A sesión vermú dará comezo ás 14.00 a cargo do grupo Kalima 3.0 e xa pola noite, a verbena, contará coas actuacións do grupo Kalima 3.0 e o Dj Adolfo Valiño.

A segunda Feira do Cabalo será o 30 de xullo

Castroverde celebra o vindeiro 30 de xullo a súa tradicional Feira do Cabalo que abrirá ás 9.00 horas onde o mercado gandeiro da localidade acollerá, unha vez máis, unha espectacular mostra de gando equino.

Ás 11.00 horas arrancará o exame dos animais que se presentan aos distintos concursos, a cargo dos xuíces de Apreval quen tamén valorarán as medicións de animais para as carreiras, dende as 12.00 horas. A mañá rematará en torno ás 13.30 horas e chegará o momento musical na sesión vermú coa artista Verónica Cambón. Non será ata ás 15.15 horas o comezo das carreiras de andadura. Nelas, cada xinete terá dereito a unha volta de recoñecemento. A organización advirte que será obrigatorio o uso de casco. Para a participación nas carreiras é preciso inscribirse antes do 9



de xullo no teléfono 609 730 572. A xornada rematará coa entrega de premios ás 18.00 e festa con Verónica Cambón.

PREMIOS. Nas carreiras de andadura, os primeiros recibirán 100 euros, o segundo clasificado 60, e o terceiro e cuarto, 40 e 20 euros, respectivamente. Ademais, se recoñecerá cun diploma ao quinto clasificado.

CC.OO. denuncia á residencia por vulnerar a liberdade sindical

CC.OO. denuncia á Residencia Galega de Servizos Xeriátricos de Guntín (Serge Lucense) pola vulneración da liberdade sindical das traballadoras. Segundo indican, unha das traballadoras foi despedida por denunciar a precariedade laboral ante a Consellería de Política Social e por iniciar a labor sindical cara as próximas eleccións. "A traballadora foi despedida despois de ter denunciado ante Política Social a precariedade das condicións laborais así como a deixadez da empresa ante os usuarios da residencia".

Na denuncia presentada manifestouse que a empresa incumpre a normativa de requisitos específicos en materia de persoal esixido xa que o máximo de persoal de atención directa por quenda é de 6 traballadoras e as fins de semana quedan só 2 xerocultoras para todo o centro, o que implica que cheguen a ter a 20 usuarios ó cargo cada unha

delas.

Xunto coa denuncia presentáronse as carteleiras do persoal "onde quedaba reflectida a insuficiencia de traballadoras de atención directa ós residentes. Esta falta de persoal repercute gravemente en numerosos aspectos: administración das medicacións, cambios posturais insuficientes, ou que os usuarios sexan aseados e vestidos de madrugada para que as traballadoras teñan tempo de facer as tarefas. Máis grave aínda e a inexistencia de persoal de enfermería no centro, o que implica que ante calquera emerxencia as traballadoras están desamparadas tendo que acudir en numerosas ocasións o 061 ou o PAC da localidade, así como a ter que administrar a medicación ós residentes sen supervisión diaria, e que no caso de haber algún erro na administración a responsabilidade cae en todo momento na traballadora".

A casa niño da localidade abre o prazo de inscrición

A casa niño Meu Ben de Rábade abre hoxe o prazo de inscrición para o curso 2023/2024, prazo que se manterá aberto ata o día 10 de xuño.

A matrícula ten que facerse mediante cita previa, que debe concertarse a través do teléfono 666 486 830.

A casa niño, situada na avenida de Vilalba, é un servizo gratuíto para as familias desde o 3 meses aos 3 anos. A dirección lembra que as prazas son limitadas.



PREMIOS. Os afortunados foron, na categoría A, para os máis pequenos, Xiao Montes Baamonde, seguido de Ariadna Fernández Méndez e Aimar Devesa Lage. Na categoría B o primeiro premio foi para Julia Sanjurjo Castiñeira. A continuación foi premiada Paula Fernández Piñeiro e Daniel Seoane García. Na categoría C só houbo dous premios, para Elena Varela Vázquez e para Xiana Seijas Castro.

Adif saca a licitación a obra da pasarela sobre a vía do tren

O BOE recolleu o anuncio de licitación do proxecto de reposición da pasarela peonil e supresión do paso a nivel na liña de tren León-A Coruña na parroquia do Cruceiro.

A licitación sae cun orzamento de 593.325 euros e as empresas teñen de prazo para presentar as súas ofertas ata o 30 deste mes. A execución da obra será de cinco meses.

O proxecto do Adif contempla a demolición da actual pasarela urbana, datada dos anos 50, por unha nova que conectará a rúa Campo da Fei-

ra e a Praza de España coa estación do ferrocarril. A plataforma, elevada, contará con acceso por escaleiras e ascensor, será metálica e terá unha lonxitude en pranta de 27,6 metros, facendo este paso accesible a todo tipo de peóns e promovendo con iso a accesibilidade universal. Ademais, dotarase de novo alumeadado á zona para maior visibilidade.

Adif executará dous muros de cerramento a ambos lados da vía férrea para impedir o acceso e ampliará a zona para o tráfico.

O persoal leva a Capsa a xuízo por incumprimento

Traballadores e traballadoras de Corporación Alimentaria Peñasanta (Capsa) concentráronse en Lugo, coincidindo co acto de conciliación no SMAC pola demanda presentada contra a empresa por incumprimento das garantías salariais do convenio colectivo. A conciliación rematou sen acordo polo que agora o proceso de reclamación continuará na vía xudicial.

O secretario comarcal da FGAMT-CIG, Christian López, rexeita a "actitude ruín de Capsa que se nega a cumprir coa cláusula de revisión dos salarios conforme ao IPC real recollida no convenio colectivo, como vía para garantir o mantemento do poder adquisitivo". Neste senso, apunta que a empresa aplicou nas táboas o incremento acordado para 2022 pero fica pendente de aplicar a diferenza co IPC final dese ano.

O BNG reclama datos da sentenza de Asogal

"Unha vez máis, o alcalde esconde a información ao BNG cando non quere que a veciñanza saiba o que está a acontecer no Concello", afirman dende o Grupo Municipal do BNG, que solicitou no pasado mes de marzo unha copia do escrito que Asogal presentara para executar unhas sentenzas que de xeito reiterado lle gañou ao concello de Outeiro.

"A nosa sorpresa foi que pasado xa dous meses das reiteradas solicitudes, e sabendo que teñen 5 días para darnos esa información, aínda non se nos subministró ese escrito neste momento", explican.

Afirman que isto obrigou ao Grupo Municipal do BNG a acudir ao xulgado para obter esa información e, ademais, solicitar amparo pola vulneración dos nosos dereitos fundamentais, demanda que foi admitida

a trámite e que nestes momentos se está a investigar.

"Dende o BNG non pararemos ata que se recoñeza o dereito que temos a ter esta, ou calquera outra información, que interese á veciñanza, chegando a onde faga falta para conseguilo", continuou explicando o concelleiro do BNG.

Explican que durante o ano 2014, "após de que moitos veciños tivesen xa que pagar un sobrecusto nas súas vivendas e devolver axudas públicas, o alcalde informaba, con sentenzas sen ditar, que só faltaba conectar a luz do alumeadado".

Anos despois da última derrota no Supremo, Asogal pide a execución desas sentenzas. "O Concello non só non lles comunicou esa circunstancia ás persoas interesadas, senón que tamén llo oculta ao BNG", di.

O Mitma licita a obra da glorieta da N-VI

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana (Mitma) licitou, por importe de 449.890 euros (IVE incluído), as obras de Mellora de seguridade viaria mediante implantación de glorieta na intersección do km 513,670 da N-VI, no termo municipal de Outeiro de Rei. Proximamente publicarase no Boletín Oficial do Estado (BOE) o anuncio correspondente.

A actuación proxectada consiste na transformación en glorieta da actual intersección en T da estrada N-6 coa estrada autonómica LU-115, mellorando a súa funcionalidade ao resolver de forma

máis adecuada os importantes movementos de xiro existentes. Tamén se mellorará a seguridade viaria, permitindo acougar a velocidade media do tráfico ao seu paso pola travesía de Outeiro de Rei e dispoñendo ademais de novos cruces peonís seguros nos tres accesos á glorieta.

Así mesmo, contéplase a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados polas obras da glorieta.

Con esta reforma, mellorarase a seguridade viaria do tramo facilitando todos os movementos.

Penas de Rodas fará o 18 a Romaxe

ALXIII edición da Romaxe de Penas de Rodas terá lugar o domingo 18. Esta popular xuntaza ten lugar na localidade de Gaioso, en Outeiro de Rei, cunha programación variada con xogos infantís, música, baile e moitísimas sorpresas.

A programación dará comezo ás 11.00 horas coa celebración dun partido e fútbol mentres que sobre o mediodía abrirase a III Feira de Artesanía á que seguirá o pregón de Francisco Fernández Montes.

As actuacións musicais comezarán coa sesión vermú, que estará a cargo do trío Zafiro.

O acto central é o xantar campes-

tre, que dará comezo ás 15.00 horas seguido da actuación de maxia de David Méndez López dentro da programación cultural da Vicepresidencia da Deputación, prevista para as 17.30 horas. Xa antes, haberá exhibición de tiro con arco a cargo da Escola Lucense.

Ás 18.30 haberá unha representación da Escola de Teatro de Penas de Rodas para pechar, ás 19.30 horas, a Feira de Artesanía. Pero a celebración no remata aí, xa que ás 20.00 está previsto unha nova actuación do trío Zafiro. Durante a xornada estarán á venda pan, empanadas, polbo e churrasco e haberá tamén servizo de bar.



Final do certame de videopoemas



Sara Espiño Vaamonde, do IES nº1 da Estrada, co videopoema No craustro, e Andrea Fernández Prieto, do Colexio Esclavas da Coruña, co videopoema Tristura, son as gañadoras da VIª edición do Concurso de videopoemas sobre

composicións poéticas de Rosalía e Manuel María que organiza a Casa-Museo Manuel María. Os premios foron entregados durante o acto que se celebrou en Outeiro de Rei e no que se expuxeron os traballos finalistas.

COLABORACIÓN

O metaverso no ensino

O PUPITRE



Julio Díaz

Levo semanas escoitando, día a día tamén, que si intelixencia artificial, ciberespacio, avatares dixitais... e despois de traer xa ao meu “pupitre” temas como ChatGPT, os grupos de whatsapp e outros, decidín ir un pouco máis alá e adentrarme no metaverso e no seu impacto no ámbito do ensino e da formación virtual.

Aínda que o “metaverso” pareza algo novidoso, o seu concepto existe desde fai moito tempo; xurde por primeira vez na novela de ciencia-ficción *Snow Crash*, de Neal Stephenson, publicada aló polo ano 1992. Neste libro, o autor fala do internet do futuro, ao que denomina “metaverso” e o define como

un ciberespacio de realidade virtual onde se pode experimentar unha segunda vida a través de avatares dixitais.

Os expertos consideran o metaverso como unha ferramenta que pode mellorar o ensino – aprendizaxe, pero que o seu uso require do perfeccionamento da tecnoloxía, dun amplo e fácil acceso a ela, da creación de contidos inmersivos e de modificar o papel dos docentes, entre outros moitos aspectos.

As posibilidades que para a educación abre esta tecnoloxía son ilimitadas. Permite aproximarse a contidos imposibles nua aula tradicional, a colocarse en situacións extremas, evitando deste xeito participar en experiencias de alto risco. Imaxínade que os nosos alumnos poidan vivir un incendio incontrolable desde o corazón do mesmo, participar en rescates en

situacións extremas ou mesmo explorar desde dentro o corpo humano cunhas simples gafas de realidade virtual. Así, o metaverso permítenos aos docentes promover a aprendizaxe a través da experiencia; mantén aos nosos alumnos motivados e atentos, aumentando a súa participación, eliminando ao mesmo tempo as fronteiras do espazo e da distancia para que os nosos rapaces teñan unha maior interacción.

Un recente estudo da Universidade Oberta de Cataluña identifica catro eixes potenciais do metaverso no entorno educativo. O primeiro, transformar os modelos, contidos e procesos de ensinanza – aprendizaxe. O segundo, adecuar a oferta e a demanda educativa, abordando as brechas dixitais. O terceiro pasa por rediseñar entornas, roles do alumno – profesor e a avaliación. O cuarto e derradeiro,

sería o que se refire a implementar no ensino os modelos baseados en ecosistemas formados polos nosos socios no proceso educativo, como poderían ser as empresas tecnolóxicas e outras institucións.

O reto que nos expón educar nos metaversos é precisamente imaxinar experimentando con ferramentas e propostas educativas creativas, arriscadas e innovadoras, así como deseñar materiais lúdicos, á vez que educativos, que sexan adecuados e atractivos para esta nova xeración dos nosos alumnos que está crecendo con linguaxes inmersivos e interactivos dos videoxogos e das redes sociais.

Debemos saber que educar no metaverso non está exento de riscos e problemas e, de feito, son varios os inconvenientes e limitacións, como por exemplo, o uso de cascos e gafas de

realidade virtual, como dispositivos mellor preparados para situarnos “dentro” do entorno educativo dixital xerado, resultan en moitos casos, incómodos e, aqueles máis ergonómicos e que informaticamente ofrecen mellores prestacións son obviamente moito máis caros. Así mesmo, como xa aconteceu no pasado, na “primeira realidade virtual”, poderíamos dicir, o uso deste tipo de dispositivos durante longos períodos de tempo poden producir desgaste ocular, dores de cabeza, mareo e mesmo vómitos producidos por intentar introducir o mundo simulado no noso campo visual desde as gafas de realidade virtual.

“O potencial do metaverso está en consideralo un complemento nos procesos educativos, que nos permiten dar resposta a temas como o acceso a contidos e contornas nas que a inmersión nos aporta un gran valor”.

Volvemos ás andadas

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nin máis nin menos. Parecía que a situación no campo galego, especialmente no relacionado coas explotacións gandeiras de leite, estaba tranquila. Ano e medio despois das últimas protestas, motivadas polo de case sempre, é dicir, o baixo prezo que se lles ofrecía aos produtores por parte das industrias lácteas, volvemos por enésima vez escoitar as mesmas reclamacións por parte dos afectados. Estase a falar que a proposta dos novos contratos leva consigo unha baixada do dez por cento a partir do primeiro de abril, o que fará aínda máis insostible a situación de centos de granxas no País. A consecuencia verémola cando se analice a evolución das mesmas, onde se indicará que o seu número é inferior ao do ano anterior, co que iso significa nas zonas rurais, especialmente

naquelas onde o sector ten unha importancia capital, como é a Terra Chá. As organizacións sindicais e asociacións que representan os intereses do colectivo anuncian mobilizacións. Xa vimos e estamos a ver de novo nas rúas tractores e pancartas con frases reivindicativas que nos resultarán familiares.

E idéntica cantinela tamén a observamos nos gandeiros de vacún de carne. Como sentenciaba un dos centos de produtores que se estaban a manifestar: Meu pai gañaba máis cartos hai corenta anos con vinte vacas que gaño eu con sesenta cabezas. Está todo dito.

Voltamos ás andadas, xa que os custos de produción disparáronse nos últimos tempos. Por un lado, as cotizacións á Seguridade Social; como traballadores autónomos que son, cada ano están a subir, independentemente que os beneficios sexan escasos ou nulos. Polo outro, a maldita invasión rusa a Ucraína derivou nun incremento exponencial do cereal que

resulta imprescindible para alimentar o gando. Nesta mesma columna, meses atrás facíase fincapé neste problema. No noso País deberíamos ter capacidade para cultivar suficiente cereal sen necesidade de impórtalo de terras tan lonxanas, pero aquí o lema reiteradamente escoitado era que non compensaba. Pois aí temos o resultado. E finalmente, a pesar de que o consumidor nos supermercados está a pagar tanto o leite como a carne cada vez máis caros, estas subas non están a repercutir naqueles que inician o proceso, é dicir, os gandeiros. O agro esmorece, aínda que isto non é novo, xa que o leva facendo máis de trinta anos sen que ningún sexa quen de mudar esa tendencia. Causa graza, aínda que non teña ningunha, organizar debates sobre o futuro do campo galego. Expertos e entendidos falan e falan, cheos de razón, con propostas e ideas para reverter a situación. Pero en realidade non visualizamos solucións, máis ben todo o contrario. Inconcebiblemente a pesares das boas

O RECUNCHO DE CANELINA



intencións e de moito discurso teórico, na práctica continuamos con esta tremenda desfeita. O sector agrario e gandeiro en Galicia, coa importancia que ten desde diversos eidos, que van desde o económico ata o cultural e so-

ciolóxico, atópase en coidados intensivos. E precisa de remedios efectivos e eficaces, non de tanta palabra, da cal viven algúns, pero non os gandeiros, quen viven do seu traballo, ou iso pretenden. Igual ca todos.

DEPORTES

Remata a nova edición do Descenso do Miño

Rábade e Lugo acolleron unha nova edición, a 66, do Descenso Internacional do Miño, no que os palistas lugueses foron os que máis premios levaron. Rábade volveu ser o punto de inicio desta proba decana do piragüismo galego, que tiña a meta en Ombreiro.

O vencedor do evento en x-2 sénior foi o Club de Piragüismo Viveiro Urban Hotel, con Alberto Pigueiras e Francisco Vázquez, seguidos de Rafael Carril e Mario Sánchez do Club Neptuno de Toni, de Infiesto. Pecharon o podio Julio Fontán e Pablo García, do Club Naval de Pontevedra.

Na feminina, o triunfo foi para Lucía Valiña e Carmen Villar, do Club Kayak Tudense. O segundo foi para Valeria Romero e Emma Devesa, do Ciudad de Lugo e o terceiro para Avril Freire e Alba Vázquez, do Club

Náutico O Muíño de Ribadumia. Tamén houbo premio para a categoría sénior mixta, na que venceu Susana Alonso e Aurelio Pedrayes, de Piraguas Villaviciosa El Gaitero. En c-1 sénior os premios foron todos para o Ciudad de Lugo, liderado o podio por Franco Teo Llamazares, seguido de Daniel Estévez López e David Casaleiro Piña.

En categoría xuvenil k-2 tamén liderou o Ciudad de Lugo, con Víctor Devesa e Daniel Fernández, primeiro, e Alejandro Jubón e Pablo Sainz, segundo. Los premios máster foron para Vicente Llerandi e Siro Manuel González, de Neptuno de Toni, e César Méndez e Fernando del Riego, do Club Pico Azul.los

Finalmente, entre a modalidade popular, que se introduciu este ano, os vencedores foron Miguel Martínez e Alba Carreira.

O Emevé júnior feminino logra o título de campión de España

Arenal Emevé logrou unha vitoria histórica na segunda edición do Campionato de España júnior feminino, disputado no Século XXI de Zaragoza fronte a Barcelona Barça.

Unha abarrotada bancada, con máis de 550 espectadores e con dúas afeccións moi entregadas, puido gozar dun gran encontro con dous equipos de alto nivel loitando polo cetro nacional, unha gran final na que as lucenses tiveron que empregar a fondo para coroarse como campioas de España.

Desde o comezo do encontro, as xogadoras do Emevé de Lugo demostraron destreza, determinación en ataque e a pesar dos esforzos titánicos das catalás, especialmente polo centro, as galegas foron superiores, pechando o partido por 3 sets a 0 (21-25; 14-25 e 23-25). A colocadora do Arenal Emevé, Ainara Burgo, foi elixida como a MVP da competición.



Ademais, tamén o equipo masculino desta categoría disputou a fase nacional en Soria obtendo unha meritosa cuarta praza, xa que perdeu na consolación ante o Leganés por 3-0. Competían polo título 24 equipos de toda España, campións nas súas comunidades autónomas.

Ademais, Lugo acolleu estes días o Campionato de España infantil femi-

nino, coa presenza de 32 equipos. O Emevé, anfitrión do evento e campión galego, ocupou a sétima praza e o outro equipo da provincia, o Korbis, fíxose coa décimo quinta. Nas Palmas de Gran Canaria tivo lugar o infantil masculino, no que a sexta posición foi para o monfortino Korbis pero o Emevé ocupou a praza número 15 da xeral.



José Bouso, novo presidente da Ximnástica Lucense

A Sociedade Ximnástica Lucense vén de celebrar a súa primeira asemblea aberta informativa na que o actual presidente Manuel Ángel Calzón cedeu o seu cargo a José Bouso Alvite. Nesta asemblea os membros participantes decidiron dar comezo ás xestións necesarias para tratar de competir na categoría máis alta posible. A intención do club e dar comezo a todos os trámites para poder competir xa na próxima tempada 23/24. Sen embargo conscientes do apertado dos prazos poderíase atrasar este comezo ata a tempada 24/25 co obxectivo, se fai falta, de realizar "un proxecto máis sólido seguro e ilusionante".

No referente a Xunta Directiva, a asemblea acordou que inicialmente José Bouso Alvite e Manuel Ángel Calzón realizaran os trámites burocráticos necesarios para unha vez todo encamiñado sumar a mesma xente de confianza coa aprobación dos socios e membros das asembleas.

O cadete do Ribeira FS xogará a 'Final Four' do Campionato de España



O Ribeira FS cadete masculino xa está entre os mellores equipos de España. Certificou o billete para a Fase Final do Campionato de España de Clubs de Base de fútbol sala nas distintas fases previas que se disputaron ao longo do país. Agora espera a Final Four para loitar polo título, unha cita que se celebrará os días 17 e 18 de xuño.

O Ribeira FS fixo os deberes nesta fase previa e xa ten o billete para loitar polo título nacional. O conxunto galego disputou a previa en Valladolid e fixo pleno ao sumar 9 puntos de 9 posibles.

Os galegos derrotaron al Valladolid Tierno Galván (3-5), á AD San

Juan (1-9) e ao Otxartabe (5-1) e pasan como primeiros do seu grupo.

Este equipo foi campión de Liga este ano, título que arrebatou en duelo directo ao Burela na última xornada.

Pola contra, o equipo benxamín do mesmo club fixo historia de novo e participou nesta mesma fase previa do Campionato de España. Non tiveron tanta fortuna como o cadete, e malia xogar moi ben e facer un gran papel, non lograron quedar como primeiros de grupo, tendo que conformarse coa segunda praza, o que os apea da competición nacional xusto antes de entrar en cuartos.

Charli, de Carabullo, e os Troitas Bravas fixéronse coa Liga de Billarda 2023

Por Daniel Rodríguez Saavedra da Asociación O Varal.

Un ano máis remata a tempada da LNB da conferencia NorLeste no campo da festa de Remourelle. Sete grupos, por orde de clasificación que foron liquidando as carreiras alternativamente, deixando para o final o grupo dos mellor clasificados e así poder desfrutar todos da emoción da loita por acadar o podio (neste caso centrada só no segundo e terceiro chanzo xa que o gañador estaba definido: o gran Charli de Carabullo era xa o campión.

Remataron empatados Sachas de Troitas Bravas e Gundar de Madia Leva e foi o das Troitas Bravas quen se ergueu no segundo posto por ter mellor coeficiente de puntuación nas xornadas da tempada.

A sesión gañouna con todo merecemento Aroa de Billardeiros Musicais logo de superar nun desempate a Isma de Carabullo. Os dous acadaron 23 puntos. O terceiro posto foi para o xove Gundar de Madia Leva.

En donas a clasificación xeral xa estaba tamén definida con Aroa e Geni de Billardeiros Musicais e Irea de Carabullo.

Tamén na categoría infantil estaba todo o pescado vendido. Diego



e Mateu de Madia Leva e Antía de Troitas Bravas foron os mellores da tempada.

E para non ser menos, en equipos ningunha novidade, Troitas Bravas foron os gañadores da xornada e campións da tempada, escoltados por Carabullo e Billardeiros Musicais no segundos e terceiro posto.

En varados Manu Caldeiro de Billarda Verde era o amo e hoxe demostrou acadando un espectacular novo tiro directo e remata a tempada con 4, só Sachas e David Navallo, os dous de Troitas Bravas, o acompañaron cun varado cada un.

Coa torrezmada de costume e o lacón que aportou Carlos Alvaríño rematou a tempada oficial coa entrega de agasallos aos gañadores.

Final da tempada de fútbol con sorpresas

Nas categorías Sénior o Lugo feminino ascende á Primeira Nacional e o Milagrosa masculino á Primeira Autonómica

O equipo feminino do CD Lugo logrou un fito importante na súa carreira, o ascenso a Primeira Nacional logo dunha agónica final.

As albivermellas tiveron que chegar aos penaltis para facerse co lugar na categoría superior. Remataron a liga na terceira posición da táboa de Primeira Galicia polo que se clasificaron para os *play off*. O equipo caeu da segunda praza nas últimas sesións, xa que estivo arriba durante case toda a competición.

Na fase de ascenso, derrotou ao Atlético Arousana na Cheda en semifinais para entrar na final, que se fixo en dobre partido. O Lugo caeu no primeiro duelo, disputado a domicilio por 2-1, o mesmo resultado co que remataron na Cheda, só que neste caso a favor, polo que houbo que forzar a prórroga, que tamén acabou sen goles, e chegar á quenda de penaltis.

Finalmente o acerto do Lugo coa pena máxima foi o que as puxo directamente en Primeira para o ano próximo.

O partido, que comezou trala gran tormenta que sacudiu Lugo desenvolveuse baixo a choiva e rematou cunha gran celebración no campo.

MILAGROSA. Tras varios anos de espera o equipo sénior do club lugués da Milagrosa regresa á Primeira Au-



tonómica tras unha fase agónica de ascenso nos *play off*.

Tras unha boa tempada, o Milagrosa clasificouse para os *play off* polo ascenso xa que o pase directo non puido ser. Así, comezou un proceso durísimo no que en dobre partido desfíxose en semifinais do Becerreá nos penaltis xa que os dous duelos remataron en empate (3-3 e 5-5). Na final co Friol, o lugués sacou vantaxe no primeiro duelo, que venceu pola mínima (1-0) e na volta acabaron en empate polo que o albivermello fixo valer ese gol para facerse co pase á Primeira Autonómica.

O partido estivo máis de cara para o Milagrosa, que viu como o Friol empataba no desconto, malia que non lle servía para forzar a prórroga. Partido moi tenso no que o árbitro acabou expulsando aos dous



delegados de campo.

INFANTIL. O equipo infantil da Liga Provincial do Polvorín pechou unha gran tempada cun ascenso á categoría Galega logo de vencer ao Piringalla no último duelo do proceso. Os dous equipos confrontáronse en



dobre partido. No primeiro venceron os amarelos por 1-4 pero no segundo caso xa foi máis axustado, aínda que con vitoria para o Polvorín por 3-2, polo que se levou a praza que quedaba na Galega para a próxima tempada. Este era o último ascenso que que-

daba por decidirse nas bases de fútbol provincial e agora continuarán coas competicións de Copa.

ALEVÍN. Por outra banda, o CD Lugo alevín fixose co título de subcampión galego nas Fases Finais celebradas esta fin de semana. O conxunto albivermello pasou a fase de grupo como cabeza de lista con dous empates e dúas vitorias e xunto co Deportivo pasaron ás semifinais.

Aí o conxunto lugués goleou ao Xinzo mentres que o Celta desfíxose do Deportivo polo que se enfrontaron na gran final onde o equipo vigués foi moi superior levándose o título por 6-0 pero deixando ao Lugo como segundo equipo da Comunidade Autónoma.

O equipo alevín xa foi campión provincial cunha exitosa tempada.

Lugo acollerá en xuño varias citas deportivas de máximo nivel de billar

Varios encontros deportivos de máximo nivel mundial de billar sucederanse no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo entre o 20 de xuño e o 2 de xullo.

En canto ao calendario previsto, do 20 ao 25 de xuño celebrarase o Spanish Open, un novo evento principal do *ranking* mundial de Bola 9, que contará con 256 xogadores de todo o mundo. O 23 e o 24 de xuño terá lugar o FSR Junior Open; e do 27 de xuño ao 2 de xullo desenvolverase a World Cup of Pool, un campionato de billar americano na modalidade de Bola 9, que reúne a 64 xogadores de 32 países.

Os encontros internacionais son organizados por Matchroom, o maior promotor de billar americano do mundo, e retransmitíranse a través de canais e plataformas como Sky Sports, Dazn, Viaplay, Ziggo, Matchroom.Live, Weibo, Facebook e Youtube.

En paralelo a estas convocatorias, os



días 24 e 30 de xuño e 1 e 2 de xullo terá lugar o 31º Campionato Galego de Billar Pool de Equipos, que congregará a máis de 1.000 xogadores no Pazo de Feiras, onde se instalarán corenta mesas homologadas. Os participantes neste torneo, considerado como o máis multitudinario de Europa, disputaranse os títulos autonómicos e os premios dispostos pola Asociación Galega de Billar Pool para o remate da tempada deportiva 2022/2023.

Prata para Inés Mourenza no campionato de España de Augas Abertas



A nadadora Inés Mourenza Rocha do Club Natación PortaMiñá de Lugo conseguiu a medalla de prata na distancia de 7500 mts da categoría Junior-1 no Campionato de España de Augas Abertas celebrado en Sevilla.

Foi esta a súa primeira participación nun campionato de augas abertas polo que ao non contar con experiencia é máis destacable este resultado fronte a nadadoras

que son habituais deste tipo de competición. Con este resultado Inés Mourenza está á espera da convocatoria da selección española para participar no campionato de Europa que se celebrará a finais de setembro en Grecia.

Ademais, tamén competiron na mesma proba e categoría Raúl Gaviño e Brais Pérez compañeiros de Inés e que nadaron por primeira vez esa distancia.

O Lugo Sala organiza unhas xornadas de tecnificación en xuño

O Lugo Sala pon en marcha unhas xornadas de tecnificación con motivo do fin do curso escolar no mes de xuño. As xornadas desenvolveranse os xoves 22 e venres 23 de xuño en horario de 09.00 a 13.00 horas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo e están destinadas non só a xogadores e xogadoras do club, senón tamén que estarán abertas para nenos e nenas externos á entidade.

Estas xornadas teñen como obxectivos mellorar a través de adestramentos adaptados aos participantes e ofrecer a posibilidade de perfeccionar aspectos técnicos individuais e colectivos que lles axuden a crecer como xogadores.

Ademais de participar en todos os adestramentos de fútbol sala específicos, todos os participantes serán obsequiados cunha camiseta do evento e recibirán un aperitivo a media mañá, ademais de recibir a visita de xogadores do deporte.

Estas xornadas de tecnificación están destinadas para xogadores/as das categorías benjamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil, tanto en masculino como feminino.

DE RUTA EN RUTA

Palas de Rei: Ruta dos Torrentes de Mácara

Unha ruta de 3 quilómetros que nos permitirá coñecer o castelo de Pambre e varias fervezas nun percorrido dunha hora

A ruta dos Torrentes de Mácara está situada no municipio de Palas de Rei e cunha extensión de tres quilómetros percorre un tramo alto do río Ulla onde este se une coas augas do río Pambre.

Esta ruta dá comezo no castelo de Pambre dende onde continuaremos pola estrada LU-4008 en dirección Ramil e transcorridos menos de dous quilómetros do castelo, á man esquerda atoparemos unha pequena pista de terra, antes de cruzar a ponte sobre o río, na que unha sinal indica o camiño aos Torrentes de Mácara.

Antes de comezar esta ruta podemos realizar unha visita ao Castelo de Pambre, declarado Ben de Interese Cultural da provincia e un gran exemplo de arquitectura militar medieval de Galicia. Foi construído por Gonzalo Ozores de Ulloa en torno ao ano 1375 pero en 1484 pasa aos condes de Monterrei con funcións militares para a custodia do Camiño de Santiago. O castelo é de planta cadrada, cercado por unha muralla que conta cunha planta irregular xa que se adapta ao terreo e os muros son de cachotaría e perpiaño de granito.




O edificio central fórmano a torre, de planta cadrada, flanqueada por outras catro de menor tamaño, tamén cadradas, e comunicadas entre si por unha muralla. No centro, sitúase a torre mestra que ten planta cadrada, de 11 metros de lado, e que conta cun total de tres plantas.

Ademais o castelo conta coa capela de San Pedro no seu interior, construída a finais do século XII é de estilo románico e está situada á dereita da entrada. O castelo de Pambre foi un bastión dentro da loita irmandiña e sobreviviu ás revoltas do ano 1467.

Unha vez tomamos a pista de terra percorrermos un camiño que transcorrerá pegado ao río por onde teremos que ir pendentes do terreo xa que haberá que subir por rochas e esquivar algunhas árbores. A pesar de isto non é un trazado perigoso aínda que si está recomendado certo adestramento. Ao longo do camiño atoparemos nalgúns sitios os restos dalgúns chanzos de madeira.

Os Torrentes de Mácara son un conxunto de rápidos situados no río Ulla e considerados unha das dez maravillas naturais galegas. Durante tres quilómetros de río atopamos pequenas fervezas e pozas creando unha contorna espectacular e única onde destaca a flora e a fauna. A máis alta destas fervezas consta de entre tres e catro metros de caída.



DATOS




1 hora



3 quilómetros



Dificultade media



federópticos
Lukus - Audiocentro

Conde Pallares, 2
27001 - Lugo
T. 982 24 56 17
T. 609 27 52 76

